

ANEXO III

Convenios de colaboración con entidades financeiras

1. Os convenios de colaboración con entidades financeiras incluírán as seguintes modalidades de préstamo:

Liña de axuda	Condições do investimento		Modalidade do préstamo	
	Tipo	% do tipo/total	Plazo de amortización — Anos	Período de carencia — Anos
Primeira instalación e plans de mellora.	Adecuación do capital territorial. Adquisición e mellora de vivenda. Pagamento de dereitos hereditarios	≥ 65	15	3
	Bens mobles	< 25	10	2
	Bens mobles	< 65 e ≥ 25	8	1
	—	—	5	0

Os beneficiarios nos que concorran as circunstancias indicadas nalgunha das tres primeiras modalidades de préstamo, poderán optar, ademais, por calquera das sinaladas de menor duración.

2. O pagamento das axudas en forma de bonificación de xuros suxeitarase ás seguintes regras:

a) A débeda á entidade financeira polas bonificacións correspondentes a cada liquidación periódica de xuros considerarase vencida, líquida e esixible no momento determinado no correspondente convenio de colaboración coa entidade financeira.

b) Estes pagamentos por vencementos sucesivos entenderanse como pagamentos á conta da axuda total concedida ó beneficiario en forma de bonificación de xuros; o seu axuste definitivo basearase na certificación final de realización do investimento obxecto de axuda emitida pola comunidade autónoma.

c) Malia o establecido na alínea a), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as entidades financeiras e de aval poderán acordar en calquera momento, para a totalidade ou parte dos préstamos concedidos no marco dos respectivos convenios subscritos, o aboamento anticipado de todas ou parte das axudas pendentes de pagamento, calculando para tal efecto o importe equivalente delas na data, coa taxa e nos termos que entre si conveñan.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá aboar anticipadamente, en calquera momento, unha vez recibida a certificación final de realización de investimentos, a totalidade ou parte das axudas para a minoración das anualidades de amortización dos préstamos concedidos ó amparo de calquera das normativas reguladoras desta forma de axuda.

ANEXO IV

Determinación da subvención equivalente á bonificación de xuros dos préstamos

A subvención equivalente ó importe total da axuda en forma de bonificación de xuros dos préstamos, por cada 100 pesetas ou euros de principal e por cada punto de xuro bonificado, calculada ó primeiro vencemento semestral de xuros, a unha taxa do 3 por 100 de xuro nominal anual, será:

Modalidade de préstamo		Subvención equivalente por cada 100 pesetas ou euros de principal e por cada punto de xuro bonificado, en pesetas ou euros, respectivamente
Plazo de amortización — Anos	Período de carencia — Anos	
5	0	2,86387983
8	1	4,62853283
10	2	5,88881731
15	3	8,20136393

11347 REAL DECRETO 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura. («BOE» 142, do 14-6-2001.)

O Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos, incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva 91/174/CE, do 25 de marzo, relativa ás normas zootécnicas e xenealóxicas que regulan a comercialización de animais de raza e pola que se modifican as Directivas 77/504/CEE e 90/425/CEE.

O citado real decreto contén os criterios de harmonización que deben rexer en materia das razas animais incluídas no anexo II do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que non dispoñen de normativa específica na materia. Procede, polo tanto, conte-lo desenvolvemento normativo dos mencionados criterios para as razas animais da especie canina.

Nesta disposición establécese a regulación normativa referente ós requisitos que teñen que cumprilas organizacións ou asociacións de cans de raza pura para o seu recoñecemento oficial para levar ou crear libros xenealóxicos e os criterios de inscrición dos cans de raza pura nestes libros ou rexistros.

Tendo en conta a gran diversidade de razas caninas e as implicacións que estas teñen nos diversos sectores de actividades, como a gandería, o deporte, a caza, a sanidade, o ocio, ou a seguridade pública, e sendo conscientes da necesidade de garanti-lo correcto desenvolvemento desta actividade, resulta necesario establecer un marco normativo uniforme común a tódalas razas

mencionada normativa comunitaria que, garantindo a súa adecuada preservación, permita a libre concorrencia das asociacións e organizacións de criadores na xestión e mantemento dos libros xenealóxicos dos animais, así como os caracteres específicos de cada raza.

Esta disposición dictase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as entidades representativas do sector e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2001,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece a normativa relativa ás organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura que leven ou creen libros ou rexistros xenealóxicos e, en particular, ós requisitos que deben reunir para o seu recoñecemento oficial e os criterios de inscrición dos cans de raza pura nos correspondentes libros xenealóxicos.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Can de raza pura: todo animal da especie canina, que estea inscrito ou poida inscribirse nun libro xenealóxico, do que os pais e os avós estean rexistrados como cans desa mesma raza pura nun libro xenealóxico dunha organización ou asociación recoñecida oficialmente e que manifesten o mesmo prototipo racial, comportamento e aptitudes, e unhas características étnicas similares, transmisibles á súa descendencia, tanto de razas caninas españolas como de razas integradas.

2. Razas caninas españolas: aquelas razas puras orixinarias de España, con prototipo e aptitudes definidas, ligadas tradicionalmente á gandería polas súas actividades de pastoreo e manexo do gando, a garda, caza, compañía e outras utilidades que figuran no anexo deste real decreto.

3. Razas integradas en España: aquelas que, sen seren autóctonas, están presentes neste país, recoñecidas como razas puras nos seus países de orixe e os exemplares das cales están ou poden estar inscritos nun libro xenealóxico de España, tendo en conta, se é o caso, os criterios internacionais na materia.

4. Libro xenealóxico: rexistro, ficheiro ou sistema informático onde se inscriben os cans de raza pura, facendo mención dos seus ascendentes e descendentes e xestionado por organizacións recoñecidas oficialmente para tales efectos.

5. Criador: aquel que cría cans de raza pura con fins da súa reprodución e que é o propietario da nai de tódolos cachorros que desexan inscribirse no momento da declaración da camada.

Artigo 3. *Competencia.*

1. Correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o recoñecemento das organizacións ou asociacións que declaren nos seus estatutos o seu ámbito nacional, que integren polo menos o trinta e cinco por cento do total do censo nacional canino de razas puras e que estean distribuídas polo menos en dez comunidades autónomas.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas nas que radique a sede social das organizacións ou asociacións correspondentes, o recoñecemento oficial delas, nos casos non recollidos no punto anterior.

Non obstante, tratándose de razas caninas españolas, o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións que leven ou creen libros ou rexistros xenealóxicos, corresponderalle ó órgano competente da comunidade autónoma na que radique a orixe da raza, para o cal se terán en conta os aspectos técnicos, socioculturais e históricos que se presenten documentalmente para efectuar este recoñecemento.

No caso de que esta orixe sexa compartida por varias comunidades autónomas, este recoñecemento corresponderalle a aquela que reúna un maior número de exemplares censados.

3. O recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións previsto nos puntos anteriores, será efectuado pola autoridade competente por solicitude destas e tras acredita-lo cumprimento dos requisitos contidos no artigo 4 deste real decreto.

4. A autoridade competente designará inspectores de raza que verificarán o adecuado cumprimento do disposto neste real decreto e poderá declarar extinguido este recoñecemento se como consecuencia das inspeccións ou controis realizados se comprobase o incumprimento dos requisitos establecidos.

5. Para a adecuada coordinación das actividades inherentes ós libros xenealóxicos e para os efectos da posible achega española ós criterios internacionais sobre recoñecemento de razas noutros países, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación promoverá a constitución dunha federación de ámbito nacional de organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza.

Artigo 4. *Requisitos para o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de pura raza.*

As organizacións ou asociacións que leven libros xenealóxicos ou rexistros caninos deberán:

a) Posuír personalidade xurídica de conformidade coa normativa en vigor en España.

b) Dispor da infraestrutura suficiente, tanto en medios materiais coma persoais, propios ou contratados, para o desenvolvemento das súas funcións, e en concreto:

1.º Contar co asesoramento científico dalgunha entidade ou persoal veterinario especializado en xenética e zootecnia para orienta-los programas de conservación ou mellora.

2.º Dispor dun procedemento para a declaración da cubrición, certificado de nacemento da camada, solicitude de inscrición dos animais e confirmacións nas diferentes razas para a reprodución.

3.º Dispor de medios para o control de parentesco e identificación.

4.º Te-lo material informático e estatístico adecuado.

5.º Publicar boletíns informativos e, se é o caso, revistas ou outras publicacións.

6.º Fondos económicos para realizar tódalas actividades correspondentes ó mantemento dos libros xenealóxicos.

c) Dispor de capacidade para exercer-los controis necesarios para o rexistro de xenealoxías. Para isto deberán ter previsto un sistema de control de veracidade dos datos que comunican os criadores.

En caso de dúbidas sobre a veracidade dos documentos será preceptiva a realización de probas de filiación para garanti-la compatibilidade da camada cos seus

proxenitores. Os controis de filiación deberán ser realizados por marcadores xenéticos (ADN), seguindo os criterios internacionalmente recoñecidos.

d) Ter fixados os principios relativos ó sistema para facilita-los datos que permitan levar a cabo unha avaliación dos cans con vistas á mellora, selección e conservación da raza.

e) Figurar no estatuto da organización ou asociación que nin os criadores membros, nin os criadores que soliciten o seu ingreso como membros e que cumpran os requisitos establecidos nos estatutos, poderán recibir un trato discriminatorio tanto para ingresar coma no seu funcionamento.

f) Estar integradas fundamentalmente por socios que sexan criadores e dispor, así mesmo, dunha listaxe actualizada de criadores na que figurará o número total e características dos animais de cada un.

g) Subscribi-lo compromiso de informar anualmente as autoridades competentes correspondentes da eficacia do funcionamento dos libros xenealóxicos, achegando os datos correspondentes e o nivel de cumprimento dos programas de mellora.

h) Establece-las características necesarias para a confirmación de razas españolas como nivel selectivo mínimo para alcanza-la aptitude de reprodutores.

i) Acomete-la formación de xuíces cualificadores e confirmadores para as diferentes razas.

j) Realiza-las actividades pertinentes para a selección dos exemplares e organizar exposicións e probas de traballo ou utilidade, en función das aptitudes de cada raza, en particular aquelas de carácter gandeiro.

k) Carecer de ánimo de lucro e que entre os seus fins figure a conservación, mellora e fomento das razas caninas.

l) Combate-las actitudes agresivas e perigosas dos exemplares caninos, rexeitando a súa participación nas exposicións caninas e admitindo para a reprodución só aqueles animais que superasen as probas de socialización correspondentes á súa raza, conforme o disposto no artigo 12 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 5. *Criterios de inscrición.*

1. Para a inscrición de cans nun libro xenealóxico no que non figuren os seus antecesores, o seu propietario deberá acreditar documentalente a inscrición deses antecesores nun libro xenealóxico dunha organización ou asociación española recoñecida oficialmente para o mantemento de libros xenealóxicos, ou estranxeira; neste caso aplicaranse os criterios establecidos no país de que se trate ou, no seu defecto, os internacionalmente recoñecidos.

Esta documentación deberá ser expedida pola asociación que teña o rexistro dos ditos antecesores.

2. Aqueles cans inscritos orixinariamente nun libro xenealóxico oficial de España non poderán inscribirse noutros libros xenealóxicos españois, para os efectos deste artigo, a non ser que os seus propietarios presentasen a acreditación correspondente de que solicitaron a baixa no rexistro de procedencia.

Artigo 6. *Rexistro xeral.*

No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirase un Rexistro xeral de organizacións ou asociacións de criadores de cans de razas puras, no que se incluírán todas aquelas que obtivesen o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto e realizaranse as anotacións que lles afecten, incluída, se é o caso, a súa extinción.

As comunidades autónomas, no ámbito da súa competencia, antes do 31 de decembro de cada ano, comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións de concesión e extinción do recoñecemento das organizacións e asociacións, así como calquera outro dato subministrado por elas, para practica-las correspondentes anotacións e modificacións.

Artigo 7. *División dos libros xenealóxicos.*

1. Os libros xenealóxicos dos cans de raza pura estarán constituídos, polo menos, pola sección principal e sección anexa.

Na sección principal poderán inscribirse os cans de raza pura.

Na sección anexa poderán ser inscritos os cans que carecen total ou parcialmente de documentación xenealóxica que acredite a súa ascendencia, pero que polas súas características étnicas poden contribuír á mellora da raza.

Os libros xenealóxicos poderán contar tamén cun rexistro de méritos, onde se inscribirán aqueles exemplares que, estando inscritos na sección principal do libro, superasen as probas de aptitude establecidas para tal fin para cada raza, demostrando unhas calidades excepcionais.

2. Para que os cans de raza pura poidan ser inscritos na sección principal, deberán:

a) Provir de pais e avós que estean inscritos nun libro xenealóxico.

b) Ser identificados despois do nacemento, logo de verificación do cumprimento dos requisitos contidos neste real decreto.

c) Ser declarada a cubrición e o nacemento da camada en impresos asinados polos propietarios dos animais detallando o número total de cachorros nados.

d) Cumpri-lo estándar racial e os requisitos mínimos da raza conforme o previsto neste real decreto.

3. Para que os cans de raza poidan ser inscritos na sección anexa deberán:

a) Axustarse ó estándar da raza.

b) Ser identificados despois do nacemento, de acordo cos requisitos previstos neste real decreto.

c) Reuni-las características mínimas de conformidade cos requisitos previstos neste real decreto.

4. Os cans de razas caninas españolas deberán ser sometidos a un proceso de confirmación de raza, realizado por persoal experto en cada raza, nomeado polas organizacións ou asociacións de criadores recoñecidas para os efectos previstos neste real decreto, co obxecto de comproba-la súa aptitude para a cría e a ausencia de defectos zootécnicos de carácter transmisible.

Será preceptivo un resultado positivo na confirmación de raza, para capacita-los exemplares con fins reproductivos e inclusión da súa futura descendencia no libro xenealóxico desa raza.

Disposición adicional primeira. *Censo nacional canino de razas puras.*

As organizacións ou asociacións de criadores de razas puras, oficialmente recoñecidas, que leven ou creen libros xenealóxicos deberán facilita-la información recollida neles que lles sexa solicitada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou polas comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias.

Así mesmo, tódalas organizacións ou asociacións actualmente existentes deberán comunicarlle á Dirección Xeral de Gandería, no prazo de tres meses, desde

a data de publicación deste real decreto, a información relativa ó censo de cans vivos inscritos nos seus rexistros. Tanto estas como aquelas outras que poidan crearse deberán actualizar e comunicar esta información con carácter anual.

Disposición adicional segunda. *Probas de aptitude.*

Aquelas organizacións ou asociacións que debidamente autorizadas leven a cabo probas de aptitude para determinadas razas, poderán xestionar un rexistro dos cans que participan nelas cos seus resultados e o contido que estimen adecuado, podendo incorporar á ficha do animal os datos xenealóxicos correspondentes a este, se así o deciden, que consten nun libro xenealóxico recoñecido oficialmente, conforme o disposto neste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Razas en perigo de extinción.*

A autoridade competente elaborará plans específicos de recuperación para aquelas razas caninas españolas que estean ou poidan ser consideradas en perigo de extinción.

Disposición transitoria única. *Adaptación das organizacións e asociacións existentes.*

Aquelas organizacións ou asociacións que á entrada en vigor deste real decreto leven libros xenealóxicos de cans deberán, no prazo de seis meses, achega-la documentación pertinente para o seu recoñecemento e rexistro, conforme o previsto nel.

No caso de que estas entidades non cumpran con estes requisitos no prazo sinalado, determinarase a extinción da autorización, logo de tramitación do procedemento administrativo correspondente.

Disposición derradeira primeira. *Normativa aplicable.*

O recoñecemento das organizacións ou asociacións de criadores levarase a cabo de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, respecto das que corresponde recoñecerlle á Administración xeral do Estado, no Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó amparo da competencia estatal sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dictar as disposicións necesarias e adoptar as medidas precisas para o desenvolvemento do disposto neste real decreto, e en particular para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, logo do informe do Comité de Razas de Gando de España, establecido polo Real decre-

to 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España.

Dado en Madrid o 25 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO

RAZAS CANINAS ESPAÑOLAS

As razas caninas españolas, cos seus prototipos raciais, son as que figuran a seguir:

Ca de Bestiar (Can de Pastor Mallorquino).
Gos d'Atura Catalá (Can de Pastor Catalán).
Ca de Bou (Can de Presa Mallorquino).
Mastín Español.
Mastín del Pirineo (Mastín do Pirineo).
Podenco Canario (Podengo Canario).
Ca Eivissenc (Podengo Eivissenc).
Sabueso Español (Sabuxo Español).
Perdiguero de Burgos (Perdigueiro de Burgos).
Perro de Agua Español (Can de Auga Español).
Galgo Español.
Presa Canario.
Perro Majorero (Can Majorero).
Euskal Artzain Txakurra (Can de Pastor Vasco).
Podenco Andaluz (Podengo Andaluz).

Can de Pastor Mallorquino (Ca de Bestiar)

I. *Aspecto xeral e carácter*

a) Descrición en conxunto das características somáticas: can de perfil subconvexo, de talle grande —sen ser esaxerado—, de peso mediano —arredor de 40 kg—, totalmente negro ou negro con mancha branca no peito, ben proporcionado, rústico, forte, musculoso, robusto e áxil, con pelo longo ou curto, sendo máis frecuente o segundo, crea subraza o primeiro.

b) Alzada á cruz: comprendida entre os 66 e 73 cm nos machos, de 62 a 68 cm nas femias, se ben se admiten exemplares con alturas dun centímetro de máis ou menos ós límites sinalados; neste caso débelle restar puntuación.

c) Formación: de estrutura mediolínea, aceptándose nas femias un diámetro lonxitudinal de ata un 3 por 100 maior cá súa alzada á cruz.

d) Tipo: subhipermétrico. Mediolíneo. Subconvexo.

e) Características temperamentais e función: can de pastoreo, garda e defensa, de gran nobreza, de só un dono, que acepta con dificultade as solicitudes de estraños. Intelixente, dócil, cariñoso, tímido en extremo e reservado na súa mocidade, o seu sentimentalismo chega a límites insospeitados. Fiel ó seu amo ata a morte. Se pescudamos na súa mirada daráno-la sensación de que pensa. É valente e enredante.

II. *Cabeza*

a) Descrición en conxunto: de perfil lixeiramente triangular, vista dorsalmente, é máis larga na súa parte superior ca na inferior. Maciza, pero non pedada. O suficientemente ampla para albergar unha boa intelixencia. Ben modelada e proporcionada ó corpo, debe ser máis ben grande, pero nunca do tipo molosoide. A liña supranasal é paralela á liña cranial. Eixes cranio-faciais levemente diverxentes. Lonxitude da cara igual á lonxitude do cranio. A lonxitude da cabeza debe ser igual á lonxitude do pescozo.

b) **Cranio:** perfil subconvexo. A largura da cabeza, tomada entre os temporais, debe ser lixeiramente superior (aproximadamente en 1,2 por 100) á lonxitude existente entre a liña supraorbitaria e a crista occipital. Pode apreciarse un lixeiro suco no primeiro tercio da liña media frontal. Crista occipital marcada.

c) **Depresión frontonasal:** marcada, non brusca, en suave declive.

d) **Cara:** larga, máis ben forte, non debe ser en punta, pero si debe acentuarse a súa altura e largura a medida que se acerca ás órbitas. Na variedade "Ca cabrer" é máis aguzado. O perfil dorsal é subconvexo. O perfil das ramas do maxilar inferior é recto.

e) **Trufa:** húmida, fresca, negra, grande, con orificios nasais amplos, sen partirse. Despuntará notablemente se ten manchas de ladre ou máis claras.

f) **Beizos:** de cor negra. O superior non deixa ve-lo inferior estando a boca pechada, a comisura labial é pouco notoria e pasan desapercibidos por estar ben proporcionados á cabeza.

g) **Dentes:** moi brancos, ben desenvolvidos e ben colocados, cerrando en tesoira, facendo os incisivos extremos superiores verdadeira presa cos cabeiros inferiores. Os molares, desenvolvidos.

h) **Ollos:** de tamaño máis ben pequeno, lixeiramente amendoados, non son prominentes nin tampouco afundidos nas órbitas, non moi separados o un do outro, centrados, lixeiramente oblicuos, vivaces. Cor comprendida entre a do mel do romeo (algo claro) e a do mel de alfarrobeira (escuras). De expresión enigmática, con mirada intelixente e triste á vez, na que se denota incluso desconfianza.

i) **Pálpebras:** finas, negras e oblicuas, ben pegadas ó ollo.

j) **Oreallas:** quebradas, de reducidas dimensións en relación coa cabeza, triangulares, chegando a súa punta ó lacrimal do ollo do seu lado correspondente, ou sexa, aproximadamente igual á lonxitude do seu cranio; sen amputar, algo grosas, de inserción alta, separándose na súa punta lixeiramente do cranio, cunha dobrez lonxitudinal e outra transversal arredor do primeiro tercio.

Posición das oreallas: normalmente dobradas e caídas, algo separadas da cara. Botadas cara a atrás, en estado de repouso; levantándoas pola dobrez transversal, separándoas da cara máis do habitual, en estado de atención.

k) **Padal:** de cor negra.

III. *Pescozo*

Macizo, musculoso, forte e proporcionado á cabeza e ó corpo. Grosso, con moi escasa papada, cilíndrico, o seu diámetro acentúase máis na base.

A pel é dura e elástica, nin fina nin grosa, ben pegada ó pescozo na súa parte superior e laterais, algo máis despegada na súa parte inferior.

IV. *Tronco*

a) **Vista de conxunto:** corpo robusto, moi ben proporcionado, dando ó mesmo tempo impresión de fortaleza e axilidade.

b) **Cruz:** marcada e como mínimo á mesma altura cá parte superior da cruz dos cadrís, coa zona entre escápulas ampla e forte.

c) **Peito e tórax:** amplo e alto, chegando como máximo á altura do cóbado; dun largo aproximadamente igual á lonxitude do pescozo; bastante profundo, non prominente, co esterno lixeiramente pronunciado.

O perímetro torácico é aproximadamente duns centímetros máis cá súa altura á cruz, nos machos adultos, medido xunto a ela por detrás dos cóbados. Costelas arqueadas. (Non planas nin en tonel).

d) **Costas:** oblicuas e fortes.

e) **Liña dorso-lumbar:** recta, horizontal, nunca afundida. Lombo largo e potente.

f) **Ventre e flancos:** medianamente voluminosos e lixeiramente recollido, nunca agalgado, nin tampouco descendido que se confunda coa continuación do peito. Algo estilizado, debe da-la impresión de axilidade.

g) **Cruz dos cadrís:** mediana, lixeiramente redondeada, larga, potente e musculosa, nunca prominente nin caída. A parte superior debe estar á mesma altura cá cruz. A súa largura interiliaca debe ser igual á lonxitude iliaco-isquiátrica.

V. *Rabo*

a) **Descrición xeral:** de inserción horizontal e sección circular, máis ben grosso no seu nacemento. A uns 8 cm da súa base aplánase lixeiramente no seu perfil inferior, nuns 10 cm da súa lonxitude, para continuar logo a sección circular decrecente ata o seu extremo. Sen amputar. Dunha lonxitude que debe chegar como mínimo ó xarrete, sen chegar nunca a roza-lo chan. Sen penacho ou floco, aínda que se autoriza, se este é lixeiro, nos exemplares de idade avanzada. Na subraza de pelo longo debe te-lo floco abundante e longo.

b) **Porte do rabo:** en repouso naturalmente caído ou lixeiramente curvado cara a fóra, rozando levemente os xarretes, considerándose defecto grave se a súa punta chegase a toca-lo chan. Ondulante e levantado máis da horizontal en forma de fouce, sen enroscalo, cando está en acción.

VI. *Membros anteriores*

a) **Vista de conxunto:** membros fortes. Verticalidades correctas, vistas de fronte e de perfil, paralelas entre cóbados sen desviacións, cuartillas ó chan, cuartillas ou metacarpos curtos e lixeiramente inclinados. Brazo de igual lonxitude que as costas. Forte antebrazo ben angulado perpendicular e con cóbados pegados de tórax.

b) **Ángulo escápulo-umeral** = 115°.

c) **Ángulo úmero-radial** = 130°.

d) **Cana:** vertical, forte, longa e dereita.

e) **Pés:** case de lebre (algo máis curtos e largos ca estes), con dedos semialtos, semiarqueados, xuntos e co tubérculo plantar moi duro e negro. Sen membrana interdixital acentuada.

VII. *Membros posteriores*

a) **Vista de conxunto:** musculosos, fortes; verticalidades correctas cos xarretes pouco pronunciados, de angulación moi aberta. Con relevos musculares atenuados e duros. A altura do xarrete é aproximadamente algo menor có tercio da súa altura á cruz. Coxa forte e musculoso; perna longa e potente. Xarrete ben marcado.

b) **Ángulo coxo-femoral** = 115° (igual ó escápulo-umeral).

c) **Ángulo femoro-tibial** = 130° (igual có úmero-radial).

d) **Ángulo do xarrete** = 135°.

e) **Pés:** case de lebre, espalmados, con dedos semiarqueados e xuntos. Almofada plantar dura e negra. Sen membrana interdixital acentuada. Podendo nacer con ou sen esporóns, no primeiro caso deberanse amputar.

f) **Uñas:** arqueadas, duras e negras.

VIII. *Marcha*

A súa forma de andar debe ser firme e elegante. O trote en bípedes diagonais, ladeando lixeiramente o tercio posterior, respecto ó anterior. O galope será franco, rústico, rápido, coas pernas traseiras ben separadas na súa base co chan, colocándoas por fóra das mans, como se fose dando saltos. O paso preferido é o de traballo é o galope.

IX. *Pel*

Elástica, sen pregamentos, dura e gris clara.

X. *Pelo*

Curto e pegado á pel, oscilando a súa lonxitude arredor de 1,5 cm a 3 cm no lombo, con subpelo moi fino, de escasa espesura e moi adherido á pel.

Na subraza de pelo longo poderá ser lixeiramente ondulado no lombo, dunha lonxitude aproximada de máis de 7 cm segundo a época do ano, correspondendo a maior ó inverno, con subpelo ben distribuído e de pouca espesura, aumentando o pelo na súa lonxitude normal no floco do rabo, punta das orellas e parte posterior das extremidades.

En ámbalas variedades debe ser suave, duro e bastante fino.

XI. *Capa*

A única cor admitida é a negra, nas súas variedades de acibeche, ordinaria e peceña. O branco é admitido soamente no peito, en forma de gravata fina baixo o pescozo, mans e pés, despuntando segundo a súa fácil visibilidade, en uñas e puntas dos dedos dos pés. O negro acibeche fito é o máis apreciado, desmerecendo o negro ordinario e o peceño.

XII. *Defectos*

a) Graves:

Cans que babexan.

Orellas moi levantadas en repouso, moi grandes, moi separadas da cara ou completamente pegadas a ela.

Rabo enroscado.

Ventre moi recollido (agalgado).

Mancha branca do peito de máis de 1 dm².

Punta do rabo branca.

Tódolos dedos dun pé brancos.

Cabeiros cortados.

b) Eliminatórios: defectos da raza que ademais dos de tipo xeral descualifican un exemplar no ring.

Exemplares monórquidos, criptórquidos ou cans castrados.

Exemplares con pragmatismo anterior ou posterior de máis de 3 mm.

Exemplares que non sexan de cor negra ou, séndoo, teñan unha man ou pé branco, ou doutra cor, ou estean calzados calquera que sexa o seu número de patas, non teñan todo o corpo negro con excepción do peito, contadísimos pelos no ventre, prepucio ou punta do rabo, caso no que as manchas, sen descualificar, rebaixarán puntos notablemente; non rebaixan puntos os pelos brancos consecuentes de trabadas, traumatismos ou outras feridas similares, nin os pelos brancos da cara propios da idade. Os dedos non descualifican, a non ser que o animal teña máis de seis, rebaixando puntos notablemente cada un e descualificando se existe un só branco ou doutra cor nas mans.

Exemplares de menos de 30 kg nos machos adultos e de menos de 25 kg nas femias. Exemplares de máis de 50 kg nos machos e de máis de 45 kg nas femias. Ou ben que aínda estando dentro destes límites citados estean moi fracos, obesos visiblemente ou moi afundidos (tendo tolerancia nas femias preñadas).

Exemplares de máis de 74 cm na cruz nos machos e de máis de 70 cm na cruz nas femias. Exemplares de menos de 66 cm nos machos e de menos de 60 cm nas femias.

Exemplares de máis e de menos lonxitude do seu corpo ou unha altura da súa cruz dos cadrís superior nun 3 por 100 maior cá súa altura na cruz.

Cabezas de mastín, moi largas e pesadas ou de lebre, longas e estreitas con stop a penas pronunciado ou nariques rosados ou brancos.

Exemplares con orellas amputadas, tesas en acción ou case tesas en repouso.

Pescozos con dobre papada, máis grosos xunto ó cranio ca na súa base, máis longo dun 10 por 100 que a lonxitude que vai da punta do nariz á crista do occipital.

Ollos de cores diferentes o un do outro; ou que non sexan da cor que vaia desde a do mel de romeo (algo claro) á do mel de alfarrobeira (escuro), como son os moi claros.

Rabo moi grosso, ou de igual grosor na base e na punta excesivamente longo que toque o chan, amputados, ou que lles falten uns 2 cm para chegar ó xarrete, que teñan abundante floco (na subraza de pelo curto), ou non o teñan na subraza de pelo longo.

Medicións proporcionais:

Peso: 41 kg.

Alzada á cruz: 71 cm.

Alzada á cruz dos cadrís: 71 cm.

Alzada ó peito: 39 cm.

Diámetro lonxitudinal: 71 cm.

Cabeza:

Lonxitude da cara: 13 cm.

Lonxitude do cranio: 13 cm.

Total de cabeza: 26 cm.

Lonxitude do pescozo: 26 cm.

Lonxitude da orella: 13 cm.

Lonxitude do rabo: 52 cm.

Alzada ó xarrete: 23 cm.

Lonxitude do pelo sobre o lombo:

Subraza de pelo curto: 2 cm.

Subraza de pelo longo: 7 cm.

Largura da cabeza: 15 cm.

Perímetro torácico: 81/83 cm.

Largura de peito: 26 cm.

Perímetro do pescozo: 49 cm.

Nota: os testículos serán ben desenvolvidos e descendidos no escroto.

Can de Pastor Catalán (Gos d'Atura Català)

I. *Aparencia e carácter xeral*

a) Descrición: un can moi tranquilo, activo e intelixente, cunha nobre expresión, de carácter robusto e agradable, realmente dedicado ó pastor e ós rabaños que se lle encomendan, receoso dos estraños, o cal o fai parecer insociable en ocasións. É moi vixilante, moi resistente á calor, ó frío e a tódalas inclemencias atmosféricas. Unha comida moi escasa é suficiente para que el traballe en condicións extremas.

b) Tamaño: de 47 a 55 cm para cans, de 45 a 53 cm para cadelas.

c) Difusión: orixinario dos Pireneos Cataláns, propagouse a tódalas zonas de pastores de Cataluña gracias á súa función natural, a de coidar rabaños de ovellas.

d) Proporciós: de proporciós medias ben equilibradas, tamaño medio, cun precioso pelo, lixeiramente máis longo ca alto, aproximadamente nunha proporción de 9 a 8.

e) Uso: é en conducir rabaños de ovellas onde se manifesta en si mesma a verdadeira esencia desta raza, porque non unicamente obedece el ó pastor, senón que en numerosos casos demostra el mesmo a súa iniciativa dirixindo o rabaño con marabillosa facilidade, impedíndolle a calquera animal que se separe dos demais. Á causa da súa gran bravura e valor, tamén pode ser utilizado para misións de garda. Polo seu tamaño, o seu precioso pelo, a súa intelixencia e a súa gran lealdade cara ós seus donos, pode ser tamén un excelente compañeiro.

II. Cabeza

a) Aparencia xeral: cabeza forte, lixeiramente convexa e ampla na base, sen pesadez, ben proporcionada respecto ó resto do corpo. A proporción entre cráneo e fociño é de 4 a 3.

b) Cráneo: lixeiramente máis longo ca largo, cun suco claramente marcado no seu primeiro tercio, que se fai máis plano e se mantén así ata o occipicio onde se forma unha crista. Óso occipital pronunciado. O perfil superior do cráneo é lixeiramente abovedado e pode mostrar un espacio curto menos pronunciado cara á metade. O seo frontal ben desenvolvido, tanto en lonxitude como en largura. A crista superciliar ben marcada.

c) Depresión frontonasal: ben visible pero non demasiado pronunciada.

d) Fociño: recto, bastante curto, da forma dun tronco de pirámide, con contorno redondeado.

e) Nariz: recto proporcionado respecto á cabeza, debe ser negro.

f) Beizos: bastante fortes, curtos, case rectos, co beizo inferior non colgante, fortemente coloreados de negro; o padal é tamén negro.

g) Dentes: fortes, de bo tamaño, brancos e firmes. Trabada en tesoiira. Os cabeiros despuntados admítense nos cans de traballo.

h) Ollos: amplamente abertos, expresivos, mirada alerta e intelixente, redondos, cor ámbar escuro, con pálpebras de contorno negro.

i) Orelas: situadas en alto, triangulares, finas, aguzadas. Cartilaxe de inserción branda e non grosa. Orelas colgantes, situadas próximas á cabeza. Relación entre largura de orella: lonxitude de orelas = 8 a 10. Cubertas con pelo longo que finaliza en guedellas móbiles. Para os cans de traballo acéptanse orelas recortadas.

j) Pescozo: vigoroso, sólido, musculoso, bastante curto, pero con tales proporciós que permiten unha boa mobilidade, ben unido ós cuartos dianteiros.

III. Corpo

a) Aparencia: lixeiramente alongado, forte, musculoso, non dá impresión de potencia e axilidade.

b) Cruz: ben visible.

c) Costas: eminentemente rectas, non arqueadas, a cruz dos cadrís lixeiramente elevada, aínda que, en calquera caso, estará a ras ou lixeiramente por debaixo dos ombros. A diferenza a primeira vista parece favorable para a cruz dos cadrís a causa da cantidade da capa interior e exterior de pelo que ten.

d) Cruz dos cadrís: robusta, musculosa, lixeiramente inclinada.

e) Peito: largo, ben desenvolvido, alcanzando o nivel do cóbado. Costelas curvadas, non planas, permitindo unha boa capacidade torácica para o traballo.

f) Ventre e illargas: ventre lixeiramente recollido, con illargas curtas pero fortes e ben marcadas.

g) Rabo: situado bastante baixo, pode ser longo, indo máis alá do xarrete, ou curto, medindo menos de 10 cm. Hai tamén exemplares sen rabo, e, para cans de traballo, está permitido corta-lo rabo. Cando o can está en repouso o rabo colga. Forma un gancho na súa parte máis baixa. Tamén é aceptable rabo en sable. Actuando, o rabo elévase vivamente, pero non se enrola sobre o dorso. Está cuberto abundantemente con pelo lixeiramente rizado.

IV. Cuartos dianteiros

a) Aparencia xeral: fortes, ríxidos, rectos, verticais, e paralelos, vistos de fronte ou de perfil.

b) Proporciós: a distancia cóbado-cruz é case igual á de cóbado a terra.

c) Ombro: musculoso, forte, lixeiramente oblicuo.

d) Brazo: forte, musculoso con cóbados paralelos, nin xirados cara á fóra nin cara a dentro, próximos ó corpo.

e) Ángulo escapular-umeral: duns 110°.

f) Antebrazo: vertical, forte, adecuado para o traballo.

g) Ángulo umeral-radial: duns 135°.

h) Carpial e metacarpial: seguindo a mesma vertical có antebrazo, bastante curtos.

i) Pés: ovais, almofadas negras e duras, membranas interdixitais pulcras e ben cubertas de pelo, uñas negras e fortes.

V. Cuartos traseiros

a) Aparencia: fortes, musculosos, verticais, dando impresión de potencia e axilidade.

b) Coxas: longas, largas e musculosas, con ósos fortes.

c) Ángulo coxal-femoral: duns 115°.

d) Pernas: ósos e músculos fortes.

e) Ángulo femoral-tibial: duns 120°.

f) Xarretes: deben estar ben baixados, paralelos e verticais.

g) Ángulo de xarrete: uns 140°.

h) Metatarsial: bastante curto, forte e vertical.

i) Pés: idénticos ós pés dianteiros, pero con dobres esporóns situados cara a abaixo. Estes esporóns están unidos conxuntamente e unidos ó primeiro dedo do pé por unha membrana.

j) Paso/camiñar: flexible, típico dos cans pastores. Galope só logrado en espazos moi curtos; pero no círculo, o paso típico é un trote curto, con ese paso peculiar de tódolos cans con esporóns.

VI. Pel

Bastante grosa, pegada e firme a todo o longo do corpo e a cabeza. Ben pigmentada.

VII. Pelaxe

Longa, lisa, ou moi lixeiramente rizada, accidentada con abundante pelo interno sobre todo o tercio posterior do corpo. Na cabeza advertimos unha barba, bigotes, guedellas e cellas que non afectan a visión. O rabo ben cuberto de pelo así como tódalas extremidades. É de salientar que durante a muda se observa un fenómeno

típico: a muda sucede en dúas etapas. En primeiro lugar afecta a pelaxe da parte dianteira, dando a impresión de dúas metades no can, con dúas pelaxes diferentes; posteriormente prodúcese a muda da parte posterior do can e todo volve ser uniforme outra vez.

VIII. Cores

Visto a distancia o can parece ser unicolor e pode ter sombras máis claras nas extremidades. Visto de preto, é de salientar que a cor procede da mestura de pelos de diferentes tons: pardo, castaño, máis ou menos avermellado, gris, branco e negro. As cores básicas que derivan desta mestura son: parda, nos seus tons claros, medios e escuros, gris composto de branco, gris, e negro, con matices que van do gris prateado ó gris escuro. Se domina o negro e se combina simplemente con branco, dá un negro que parece frío. Hai tamén cans cunha mestura de negro, pardo e marrón avermellado, que poden dominar nunha ou varias partes, dando a impresión de espécimes negro e café. Non se admiten manchas brancas ou negras. Ás veces, uns poucos pelos brancos, en forma de estrela sobre o peito son tolerados, ou na parte superior dos dedos, pero, nese caso, de calquera modo, non debe isto vir acompañado de uñas brancas.

IX. Defectos

a) Defectos importantes: cabeza lisa ou sen suco; orellas con forma de cono ou mal situadas; cartilaxe de inserción grosa, longa ou sobresaínte; ollos claros; falta de dous premolares, lixeiro prognatismo; costas arqueadas; patas ou pés cara a dentro ou cara a fóra; uñas un pouco brancas; ausencia de óso nos esporóns ou único esporón.

b) Defectos eliminadores: ausencia de pigmentación nos beizos, o nariz, as pálpebras e o padal; nariz marrón; ollos azuis; manchas brancas; falta de máis de dous premolares ou outros dous dentes calquera; rabo enrolado por riba dos lombos; máis de 3 cm por riba ou por debaixo dos límites do tamaño; cabeza como a dun pastor dos Pireneos ou un Briard; prognatismo superior ou inferior.

Nota: os machos teñen os testículos de aparencia normal na parte inferior do interior do escroto.

Can Mallorquino (Ca de Bou)

I. Aspecto xeral

Raza tipicamente molosoide, lixeiramente alongado, forte e poderoso. De alzada media, con marcada diferenciación sexual no volume cranial, superior no macho ca na femia.

a) Temperamento/carácter: de carácter tranquilo, que demostra pola súa vez valentía e coraxe, sendo sociable ó trato humano e fiel e agradecido ó seu dono. Nos labores de garda e defensa, actúa como insuperable gardián. En repouso amósase confiado e seguro de si mesmo; estando alerta, a súa mirada é penetrante.

b) Utilización: garda, defensa e compañía.

II. Cabeza

a) Rexión cranial: cabeza forte, maciza; con cranio grande, largo tendente ó cadrado, de maior perímetro que a talla á cruz, esencialmente nos machos. Fronte larga e plana, con suco frontal ben marcado; de fronte, a forma do cranio non deixa ve-lo occipital. A liña superior

do cranio e a supranasal son case paralelas, con lixeira converxencia.

b) Stop: de perfil, ben marcado e sobresaínte. De fronte, perceptible unicamente polos arcos superciliares que delimitan un claro suco frontal.

c) Rexión facial: músculos maxilares moi fortes e prominentes, desenvolvidos ata o nivel medio dos ollos, e aínda que posúe algunhas enrugadas nas caras laterais dos maseteres, pódese dicir que, en xeral, a pel da cabeza non presenta enrugadas.

d) Trufa: negra e larga. Entre as fosas nasais o filtro ben definido.

e) Fociño: nace a partir do ángulo interno dos ollos, largo e cónico, recordando de perfil un cono truncado de base larga; con liña supranasal recta e lixeiramente ascendente. A lonxitude do fociño debe estar en relación 1/3 respecto da cabeza.

f) Beizos: os beizos superiores superpóñense ós inferiores ata a metade do fociño, onde aparece a comisura labial. O superior é máis ben recollido, mentres que o inferior se reprega no seu centro, e non se remarcan os beizos cando a boca está pechada. Cavidade bucal con estrías marcadas e bordos das enxivas negras, o resto da cavidade bucal vermella.

g) Maxilares/dentes: maxilares potentes con incisivos ben aliñados, cabeiros algo separados, dentadura completa branca e forte con trabada prógnata; sen ser excesivo este prognatismo inferior, deberá ser dun centímetro como máximo. Nunca deberán verse os dentes coa boca pechada.

h) Ollos: grandes, ovalados, con abertura larga, pronunciada e algo oblicua, de cor o máis escura posible en relación coa capa, sen deixar ve-la conxuntiva; vistos de fronte non deixan ve-lo branco; situados baixos e moi separados entre si.

i) Orellas: de implantación alta e lateral, máis ben pequenas e botadas cara a atrás e curvadas, mostrando o pavillón auditivo; do tipo chamado en rosa. En repouso o extremo da orella está ó nivel dos ollos.

j) Pescozo: forte, groso e proporcionado, no seu nacemento ten unha largura similar ó diámetro da cabeza; ben enlazado coa cruz. A pel algo solta, estando permitida unha fina papada.

III. Corpo

a) Riles e flancos: curtos, relativamente estreitos e formando un arco pronunciado ata a cruz dos cadrís.

b) Cruz dos cadrís: aproximadamente de 1 a 2 cm máis alta cá cruz, inclinada nuns 30° da horizontal, algo máis estreita có tórax.

c) Tórax: costelar algo cilíndrico, profundo ata a altura dos cóbados, largo á altura da cruz, debido á separación das omoplatas.

d) Perfil inferior: peito paralelo ó chan, ventre suavemente ascendente e recollido, nunca alongado.

e) Rabo: implantado baixo, groso na súa raíz adelgázase ata o seu extremo, que alcanza o xarrete, e terminado en punta; durante o repouso cae de forma natural, mentres que en acción se arquea lixeiramente e se dispón no nivel da liña dorsal.

IV. Membros anteriores

a) Ombros: moderadamente curtos, lixeiramente oblicuos e pouco prominentes.

b) Brazos: rectos, verticais e separados entre si.

c) Antebrazos: ben musculados, rectos e de osamenta grosa.

d) Cóbados: separados debido á amplitude do peito, pero nunca abertos.

e) Pés anteriores: fortes, con dedos grosos, ben unidos e lixeiramente redondos; almofadas lixeiramente pigmentadas.

V. *Membros posteriores*

Musculados, máis longos cós anteriores.

- Xarretes: curtos, rectos e fortes.
- Coxas: longas; articulacións naturais.
- Esporóns: non desexables.
- Pés posteriores: fortes, con dedos grosos máis longos cós dos pés anteriores, presentando no seu conxunto forma ovalada; almofadas preferiblemente pigmentadas.
- Movemento: a andadura típica da raza é o trote.

VI. *Pel*

Máis ben grossa, ben pegada ó corpo, excepto no pescozo, que pode formar lixeira papada.

VII. *Pelaxe*

Curta e áspera ó tacto.

VIII. *Cor*

Atigrada, leonada e negra, desexables por esta orde. Para os atigrados son preferibles os tons escuros; nos leonados, as cores intensas. Admítense manchas brancas en pés anteriores, peito e fociño, ata máximo total dun 30 por 100. Tamén se admite a máscara negra.

IX. *Tamaño*

Altura á cruz: machos de 55 a 58 cm.
Femias de 52 a 55 cm.

X. *Peso*

Nos machos oscila dos 35 a 38 kg.
Nas femias de 30 a 34 kg.
Medidas orientativas nun can estándar:

Peso: 36 kg.
Altura na cruz dos cadrís: 58 cm.
Altura na cruz: 56 cm.
Perímetro torácico: 78 cm.
Circunferencia da cabeza: 59,5 cm.
Distancia do occipital ó nacemento do rabo: 73 cm.
Distancia do occipital ó fociño: 22 cm.
Distancia do fociño á depresión frontal: 8 cm.

XI. *Faltas*

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase como falta e a gravidade desta considérase ó grao da desviación ó estándar.

- Faltas graves:

Exemplares cunha alzada á cruz que resulte superior á cruz dos cadrís.

Prognatismo inferior que sexa superior a un centímetro.

Trabada en tesoiira ou pinza.

Falta de dous premolares.

Exemplares que non presenten orellas en rosa, isto é, orellas pegadas e planas á cara; e con orellas erguidas na súa base, aínda sendo en rosa no seu tercio final.

Rabo tipo bulldog.

Calquera outra falta que pola súa gravidade se aparte do estándar.

- Faltas eliminatorias:

Prognatismo superior.

Ollos claros e amarelos.

Orellas ou rabo amputados.

Cor branca en máis de 30 por 100 en partes do corpo que non sexan pés anteriores, peito e fociño.

Manchas de calquera outra coloración.

Timidez.

Nota: os machos deben te-los testículos de aparencia normal completamente descendidos no escroto.

Mastín Español

I. *Aspecto xeral*

É un can de gran talla, hipermétrico e mediolíneo. Ben proporcionado, moi potente e musculado. Esqueleto compacto. De gran cabeza e pelo semilongo.

- Proporcións importantes: longo de corpo superior á altura da cruz. Lonxitude do fociño/lonxitude do cranio + 4/6. Perímetro torácico, mínimo + alzada á cruz máis 1/3. Largura de cranio igual ou superior á súa lonxitude.

- Comportamento/carácter: rústico, cariñoso, manso e nobre, resulta un can de gran firmeza ante as alimañas e os estraños, en especial cando se encontra defendendo predios ou gandos. O seu ladrido é ronco, grave e profundo, de gran intensidade, percibíndose a considerable distancia. Trátase dun can moi intelixente, non desprovisto de beleza, a súa expresión manifesta ámbalas calidades.

No seu comportamento obsérvase que é un can seguro de si mesmo, dosificador das súas forzas por ser coñecedor da súa enorme potencia. Deben descartarse para a reprodución os exemplares excesivamente tímidos, covardes e desequilibrados.

II. *Cabeza*

Grande, forte, e tronco piramidal de largas bases. O conxunto cranio-cara, visto superiormente, debe ser cadrado e uniforme, e sen unha diminución moi marcada entre a base da cara e os temporais. Os eixes do cranio e do fociño, moderadamente diverxentes. Depresión fronto-nasal: suave, pouco acentuada.

- Rexión cranial: cranio largo, forte, de perfil subconvexo. A largura de cranio será igual, ou superior, á súa lonxitude. Seos frontais acentuados. Crista occipital marcada.

- Rexión facial: perfil recto. Visto dorsalmente aparece moderadamente rectangular, diminuindo paulatinamente cara á trufa, conservando unha ostensible largura. En ningún caso aguzada.

- Trufa: negra, húmida, grande e larga.

- Beizos: o superior cubrirá amplamente o inferior; o inferior, con mucosas desprendidas, forma comisura labial ben desprendida. As mucosas teñen que ser negras.

- Dentes: brancos, fortes e sans. Cabeiros grandes, afiados e formando boa presa. Molares fortes e potentes. Incisivos máis ben pequenos. Trabada en tesoiiras. Existen tódolos premolares.

- Ollos: pequenos en relación ó cranio, amendoados, preferiblemente escuros, de cor abelá, de mirada atenta, nobre, doce e intelixente, de gran severidade ante un estraño. Pálpebras de pel grossa, pigmentadas en negro. A pálpebra inferior deixa ver parte da conxuntiva.

- Orellas: medianas e caídas, de forma triangular, planas. Inseridas por riba da liña dos ollos.

En repouso, caídas e pegadas ás meixelas, sen resultar demasiado arrimadas ó cranio. En atención, separadas da cara e parcialmente erguidas no seu tercio superposterior.

III. *Pescozo*

Tronco cónico, largo, forte, musculado, flexible. Pel grosa e despegada. Papada dobre de amplo desenvolvemento.

IV. *Corpo*

Rectangular, forte e robusto, denotando gran potencia pero flexible e áxil.

- a) Liña superior: recta, horizontal, incluso en movemento.
- b) Cruz: ben marcada.
- c) Peito: largo, profundo, musculado e poderoso. A punta do esterno marcada. Costelas con amplos espacios intercostais e redondeadas, non planas. Lombo longo, largo e poderoso, estréitase a medida que se chega á illarga.
- d) Cruz dos cadrís: larga e forte. A súa inclinación é duns corenta e cinco graos con relación dorso-lumbar e á horizontal do chan. Alzada á cruz dos cadrís igual á alzada á cruz.
- e) Liña inferior: ventre moi moderadamente recoillido: as illargas, descendidas, e os flancos, moi amplos.
- f) Rabo: de nacemento moi grosa e inserción media. Forte, flexible e poboado de pelo máis longo ca no resto do corpo.

En repouso, o seu porte é baixo, chegando cumpridamente ata os xarretes, ás veces en cóbado no seu cuarto final. Cando o animal está en movemento ou excitado, levantarao en sable, con rosca no seu final, pero nunca dobrado na súa totalidade, non descansando sobre a cruz dos cadrís.

V. *Extremidades anteriores*

Perfectamente verticais. Rectas e paralelas vistas de fronte.

- a) Costas: oblicuas, moi musculadas. Máis longas có antebrazo.
- b) Brazo: forte, de lonxitude similar á escápula.
- c) Cóbados: ben pegados ó tórax.
- d) Antebrazo: forte, de óso perpendicular. A súa lonxitude será triple á da cana.
- e) Carpo e metacarpo: visto lateralmente, pouco inclinado. É practicamente a continuación do antebrazo. Forte de óso e potente metacarpo.
- f) Pés: de gato. Dedos apertados. Falanxes fortes, altas e ben curvadas. Uñas e tubérculo plantar robusto e duros. Membrana interdixital moderada e provista de pelo.

VI. *Extremidades posteriores*

Potentes e musculadas. Lateralmente, adecuadas angulacións, amplos ángulos articulares. Correctas verticalidades, vistas de fronte e de perfil.

- a) Coxa: forte e musculosa.
- b) Xarrete: ben marcado, con nítida apreciación de tendón, sen desviacións.
- c) Pés: de gato, lixeiramente ovalados. Presencia ou non de esporóns que poden ser simples ou dobres, admíttendose a súa amputación.
- d) Andadura: a marcha preferida é o trote, que debe ser harmónico, poderoso, sen tendencia á lateralidade. Sen ambladura.

VII. *Pel*

Elástica, grosa, abundante e de cor rosácea, con pigmentacións máis escuras. Tódalas mucosas serán negras.

VIII. *Pelo*

Tupido, grosa, semilongo, liso, repartido polo corpo ata os espacios interdixitais. Distínguense dous tipos de pelo: un, de cobertura sobre o dorso, e outro, de protección sobre os costelares e flancos.

Máis curto nos membros e máis longo e sedoso no rabo.

IX. *Cor*

Indeterminada, sendo máis apreciadas as cores uniformes: amarelas, leonadas, vermellas, negras, lobatos e cervatos.

Así mesmo, apreciadas as cores combinadas: atigradas, cervatos e brancas marxadas.

X. *Talle*

Non existen límites máximos do talle, sendo máis apreciados, dentro de harmoniosas proporcións, os exemplares de maior alzada.

Límites mínimos:

Machos: 77 cm.

Femias: 72 cm.

Estas alzadas deséxase que sexan superadas amplamente, sendo conveniente que pasen os machos dos 80 cm e as femias dos 75 cm.

XI. *Defectos*

a) Leves: perfís da cara acarneirados sen exceso. Ausencia dalgún premolar. Trabada en pinza. Liña dorso-lumbar débil, distorsionada e ondulante durante a marcha. Canas e pés débiles, non en exceso. Timidez non excesivamente acentuada.

b) Graves (exclúen da clasificación excelente): fociños aguzados. Enognatismo moderado. Ausencia de varios premolares ou cabeiros, se non se debe a traumatismos. Liña dorso-lumbar afundida. Alzada á cruz dos cadrís notablemente superior á alzada á cruz. Verticalidades incorrectas: débiles ou desviadas. Branceos laterais durante a marcha. Xarretes de vaca durante a marcha ou en estación.

Pelo ondulado, rizado ou excesivamente longo. Amputación de orellas ou rabo. Entropión ou ectropión excesivo. Carácter desequilibrado, excesiva timidez ou esaxerada agresividade. Aspecto fráxil ou linfático esaxerado. Rabo apoiado sobre a cruz dos cadrís.

c) Eliminatorios (non aptos na confirmación): nariz partido. Calquera grao de prognatismo. Enognatismo excesivo. Trufa ou mucosas despigmentadas ou acompañadas de ollos claros. Monorquidismo ou criptorquidismo.

Mastín do Pireneo

I. *Aspecto xeral*

É un can de gran alzada, hipermétrico e mediolíneo. Ben proporcionado, extremadamente potente e musculado. Esqueleto compacto. A pesar do seu gran talle, non debe resultar torpe nin linfático.

a) Proporções importantes: lonxitude do fociño/lonxitude de cranio = 4/5. Alzada á cruz/perímetro torácico = 7/10.

b) Comportamento/carácter: cariñoso, manso e nobre, particularmente intelixente, é á vez valente e fero ante os estraños. Nas súas relacións con outros cans amósase benévolo, coñecedor do seu singular poder. Chegado o caso revélase habilísimo na loita, denotando as pautas de comportamento adquiridas tras séculos de pelexas contra o lobo. O seu ladrado é grave e profundo e a súa expresión esperta.

c) Utilización: defensor do gando contra as alimañas e gardián de facendas e persoas.

II. Cabeza

Grande, forte e moderadamente longa. Liñas cranio-faciais moi moderadamente diverxentes, con tendencia ó paralelismo.

O conxunto cranio-cara, visto superiormente, debe ser alongado e uniforme, sen unha diferenciación de largura moi marcada entre a base da cara e os temporais. Visto lateralmente, debe ser profundo, non alobado. Depresión fronto-nasal suave, pouco acentuada pero definida.

a) Cranio: largo forte, de perfil subconvexo. A largura do cranio será igual, ou lixeiramente superior, á súa lonxitude. Crista occipital marcada.

b) Rexión facial: visto dorsalmente aparece discretamente triangular, larga no seu nacemento, diminuíndo paulatinamente cara á trufa, pero sen resultar aguzada. De perfil recto.

c) Beizos: o superior cubrirá ben o inferior, pero sen flaccidez. O inferior forma comisura labial marcada. As mucosas deben ser negras.

d) Dentes: brancos, fortes e sans. Cabeiros grandes, longos, afiados e ben cruzados para a presa. Molares moi dimensionados e potentes. Incisivos máis ben pequenos. Trabada en tesoiras. Existen tódolos premolares.

e) Ollos: pequenos, amendoados, de cor abelá, preferiblemente escuros. De mirada atenta, nobre, simpática e intelixente, pero pigmentados en negro e preferiblemente pegados ó globo ocular co animal en atención. É típica unha tenue relaxación da pálpebra inferior, que deixa ver unha discreta porción de conxuntiva cando o can se encontra en repouso.

f) Orelas: medianas e caídas, de forma triangular. Planas. Inseridas por riba da liña dos ollos. En repouso, caídas e apegadas ás meixelas. En atención, netamente separadas da cara e parcialmente erguidas no seu tercio súpero-posterior. Non deben ser amputadas.

III. Pescozo

Tronco cónico, largo, forte e musculado, flexible. Pel grosa e algo despegada. Papada dobre ben definida, pero non excesivamente abundante.

IV. Corpo

Rectangular, moi forte e robusto, denotando gran potencia pero flexible e áxil.

a) Liña superior: recta, horizontal, incluso en movemento.

b) Cruz: ben marcada.

c) Dorso: potente, musculado.

d) Peito: largo, profundo, musculado e poderoso. A punta do esterno marcada. Costelas con amplos espazos intercostais e redondeadas, non planas. Lombo longo, largo e poderoso, estréitase a medida que chega á illarga.

e) Cruz dos cadrís: larga e forte. A súa inclinación é duns 45° con relación á liña dorso-lumbar e á horizontal ó chan. A alzada á cruz será igual á alzada á cruz dos cadrís.

f) Liña inferior: ventre moderadamente recollido, as illargas descendidas e os flancos moi amplos.

V. Rabo

De nacemento e inserción media. Forte, flexible e moi poboado de pelo decididamente longo e suave, formando un vistoso penacho. En repouso, o seu porte é máis ben baixo chegando cumpridamente ós xarretes, e sempre en cóbado no seu tercio final. Cando o animal está en movemento ou excitado levantarao en sable, cunha evidente rosca no seu final, pero nunca dobrado na súa totalidade, nin descansando sobre a cruz dos cadrís.

VI. Extremidades anteriores

Perfectamente verticais. Rectas e paralelas vistas de fronte, percibíndose con nitidez músculos e tendóns.

a) Costas: oblicuas, moi musculosas. Máis longas có antebrazo.

b) Brazo: moi poderoso. Cóbados fortes e pegados á caixa torácica.

c) Antebrazo: de osamenta recia. Rectos e potentes. A súa lonxitude será triple á da cana.

d) Carpo e metacarpo: en vista lateral, pouco inclinados: son, practicamente, a continuación do antebrazo.

e) Pés: de gato. Dedos apertados. Falanxes fortes, altas e ben curvadas. Uñas e tubérculo plantar robustos e duros. Membrana interdixital moderada e provista de pelo.

VII. Extremidades posteriores

Potentes e musculosas. Lateralmente, adecuadas angulacións. Correctas verticalidades, vistos de fronte e de perfil.

a) Coxa: forte e musculosa.

b) Perna: longa, musculosa e de óso forte.

c) Xarrete: ben marcado, con nítida apreciación do tendón, sen desviacións.

d) Pés: de gato, lixeiramente ovalados. Algo máis alongados cás mans. Presencia ou non de esporóns, que poden ser simples ou dobres, admitíndose a súa amputación. A igualdade de méritos, preferírase a presenza de esporóns dobres.

e) Andadura: a marcha preferida é o trote, que ten que ser harmónico, potente e elegante, sen tendencia á lateralidade. Sen ambladura.

VIII. Pel

Elástica, grosa e de cor rosácea, con pigmentacións máis escuras. Tódalas mucosas serán negras.

IX. Pelo

Tupido, grosa e moderadamente longo. A lonxitude media ideal fixada sobre o centro da liña dorso-lumbar é de 6 a 9 cm, sendo máis longo nas costas, pescozo, baixo ventre e detrás de brazos e pernas, ademais do penacho do rabo, que ten unha textura non cerdosa coma no resto do corpo, o pelo debe ser cerdoso, non lanoso.

X. Cor

Basicamente branca e sempre con máscara ben definida. Eventualmente, manchas da mesma cor cá máscara repartidas polo corpo de forma irregular, pero ben marcadas. Orelas sempre manchadas. Non son desexables os exemplares tricolores, nin os totalmente brancos. Cabos e externos sempre brancos. A máscara será ben concreta e os bordos das manchas preferiblemente ben definidos. O nacemento do pelo será o máis claro posible, sendo o ideal branco.

As cores máis apreciadas serán, por orde de preferencias: branco puro ou branco neve con manchas gris medio, dourado-amarelo intenso, pardo, negro, gris prata, beixe claro, area, xaspeado. Non son desexables cores vermellas para as manchas, nin branco amarelentos para o fondo.

XI. Talle

Non existe límite máximo no talle, sendo sempre máis valiosos, a igualdade de proporcións, os exemplares de maior alzada. Límites mínimos:

Machos: 77 cm.
Femias: 72 cm.

Non obstante, é de desexar que estas cifras se vexan amplamente superadas. Considérase conveniente pasar dos 81 cm os machos e 75 cm as femias.

XII. Defectos

a) Leves: perfís da cara acarneirados en exceso. Ausencia dalgún premolar. Liña dorso-lumbar distorsionada e ondulante durante a marcha. Non en exceso. Timidez moi lixeira. Pelo algo ondulado. Pelo que supere moi lixeiramente os 9 cm en liña dorso-lumbar.

b) Graves: (exclúen da cualificación de excelente). Fociños aguzados ou esaxeradamente romos. Canas e pés débiles en xeral. Verticalidades incorrectas. Enognatismo moderado. Ausencia de varios premolares ou cabeiros non debido a traumatismos. Liña dorso-lumbar afundida. Alzada á cruz dos cadrís notablemente superior á alzada á cruz. Braceos laterais durante a marcha e en estación. Pelo moi ondulado ou rizado. Lonxitude de pelo discretamente menor a 6 cm na liña dorso-lumbar ou levemente superior a 11 cm. Ausencia de máscara e decoloración nas orelas. Amputación en orelas e rabo. Entropión e ectropión excesivo. Carácter desequilibrado en xeral. Aspecto fráxil e linfático. Rabo apoiado sobre a cruz dos cadrís, ou carente de penacho. Rabo non en cóbado no seu final.

c) Eliminatorios: nariz partido. Prognatismo e enognatismo excesivo. Trufa e mucosas despigmentadas. Ausencia de cor branca. Cabos e extremos non brancos. Capa totalmente branca. Ausencia de máscara. Lonxitude de pelo igual ou inferior a 4 cm ou superior a 13 cm sobre a liña dorso-lumbar. Monorquidismo ou criptorquidismo difusas que non resalten sobre o fondo e que indiquen mestizaxe.

Podengo Canario

I. Aspecto xeral

É un can de talle medio, lixeiramente alongado, leptosomático, lixeiro e moi resistente.

a) Proporcións importantes: lixeiramente máis longo ca alto. Peito ben desenvolvido, sen chegar ó cóbado. Fociño lixeiramente máis longo có cranio.

b) Comportamento e temperamento: valente, nervioso, inquieto e irradiando dinamismo. Nobre, nunca

agresivo. Abnegadamente adicto ó seu dono. Soportan estoicamente as máis rigorosas xornadas sen a menor fatiga.

c) Utilización: emprégase para a caza do coello e adáptase perfectamente para este fin ás múltiples variacións do terreo, utilizando o seu prodixioso olfacto así como a vista e o oído. Resisten altas temperaturas e chega a cazar desde o amencer ata a noitiña incansablemente. Pode co seu olfacto ou co seu oído detecta-la presenza de coellos no interior de gretas, paredes de pedra, moreas de pedra, tubos volcánicos e matos espiñosos. A súa extraordinaria conservación débese sen dúbida ós seus dotes venatorios que o fixeron necesario ó longo dos séculos. É un can primordialmente de rastro e non debe ladrar ou bate-la peza durante a rastreadura. Tamén se utiliza coa axuda dun furón, modalidade permitida nas illas. Adoita tamén atrapar coellos a dente.

II. Cabeza

Alongada. En forma de cono truncado, moi proporcionada co corpo, medindo de longo 21 a 22 cm. Liñas cranio-faciais paralelas.

a) Cranio: máis longo ca largo, plano, con óso occipital prominente.

b) Stop: non moi marcado.

c) Trufa: larga, cor carne, harmonizando coa cor da pelaxe, fosas nasais algo abertas.

d) Fociño: prominente e largo, acabado en romo, de cor carne con máis ou menos intensidade en harmonía coa cor da pelaxe.

e) Beizos: finos e recollidos, harmonizados coa cor do nariz.

f) Dentes: trabada en tesoiras, en perfecta oposición e ben desenvolvidos.

g) Ollos: oblicuos, amendoados e pequenos. De cor ámbar máis ou menos escuros e a súa intensidade depende da cor da capa. A súa mirada é intelixente e nobre.

h) Orelas: máis ben grandes. En atención levántanse erguidas, lixeiramente diverxentes. Bótaas para atrás en repouso. Largas na súa base e aguzadas no seu extremo.

III. Pescozo

Musculoso, recto, coa pel lisa, sen papada, flexible e redondeado.

IV. Corpo

a) Dorso: forte, musculoso, apto para a carreira e exercicio de caza.

b) Lombo: algo alongado.

c) Cruz dos cadrís: ósos da cruz dos cadrís algo sólidos, máis visibles nos exemplares fracos ou en plena época de caza.

d) Peito: peito con esterno non saínte, ben desenvolvido, pero sen embargo non chega ó cóbado. Costelas ovaladas. Perímetro torácico maior en 5 a 8 cm cá altura na cruz.

e) Ventre: recollido, sen ser de galgo. Flancos ben marcados.

V. Rabo

De inserción máis baixa, como continuación da cruz dos cadrís. Redondeado, descende algo máis baixo có xarrete. Caído ou levado en forma de fouce. Algo afiado na punta que adoita ser de cor branca. Nunca enroscado.

VI. *Membros dianteiros*

Perfectamente verticais, rectos e paralelos, de finos pero sólidos ósos. Pés de gato, xeralmente algo desviados cara a fóra. Almofadas fortes e algo ovaladas.

Angulacións:

Ángulo escápulo-umeral: preto dos 110°.

Ángulo úmero-radial: preto dos 140°.

VII. *Membros posteriores*

Verticais, rectos, fortes, musculosos, xarrete máis ben alto (a uns 18 cm do chan). Pés rectos, de gato, con almofadas fortes e lixeiramente ovaladas. Sen presenza de esporóns.

Angulacións:

Ángulo coxo-femoral: preto de 110°.

Ángulo femoro-tibial: preto de 120°.

Ángulo do xarrete: preto de 130°.

VIII. *Aparello locomotor*

a) Esqueleto: ben desenvolvido. A ausencia de panículo adiposo permite apreciar o relevo do costelar, columna vertebral e ósos de cadeira.

b) Andadura: debe ter un trote áxil, longo e moi lixeiro.

c) Musculatura: desenvolvidísima, enxoita, translucíndose as contraccións a través da pel.

IX. *Pel*

Consistente, pegada ó corpo e sen engurras.

X. *Pelo*

Liso, curto e mesto.

XI. *Cor*

Preferentemente vermella e branca, o vermello pode ser máis ou menos intenso chegando do laranxa ó vermello escuro (caoba). Tódalas combinacións destas cores.

XII. *Estatura e peso*

De 55 a 64 cm para os machos e de 53 a 60 cm para as femias, aínda que debido ós distintos terreos onde vive e caza estas medidas poden variar, polo tanto pódense aceptar diferencias en 2 cm por riba ou por baixo do talle máximo ou mínimo, sempre que os exemplares sexan típicos e co prototipo da raza.

XIII. *Faltas*

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase como falta e a gravidade desta considérase ó grao da desviación ó estándar.

Faltas graves:

Cabeza excesivamente larga.

Stop demasiado marcado.

Beizos colgantes.

Falta de premolares.

Prognatismo.

Oreillas moi diverxentes.

Peito plano.

Esterno saínte.

Rabo enroscado.

Xarretes baixos e de vaca.

Cruzamento de pés dianteiros e xarretes na marcha.

Temperamento agresivo.

Nota: os machos deben ter dous testículos de aparencia normal completamente descendidos no escroto.

Podengo Eivisenco

I. *Proporcións importantes e utilización*

A lonxitude da punta do fociño ata os ollos é a mesma que a distancia entre estes e o occipital.

II. *Cabeza*

a) Descrición xeral: cabeza longa, estreita en forma de cono truncado cerca da súa base, excesivamente seca, máis ben pequena en relación ó corpo.

b) Utilización: emprégase, sobre todo, na caza do coello sen escopeta, de día e de noite, pois os levantan facilmente, incluso en lugares de moita vexetación debido á finura do seu olfacto, pois se vale máis del e do oído que da súa vista. Pola súa axilidade e astucia pronto cobran a peza, sobre todo cazando xuntos varios cans; ó mostrar un can unha peza os outros rodéano a certa distancia acercando o paso daquela, só laten cando ven ou oen a peza e tamén cando a encerraron, todos eles amosan e cobran a peza volteando o rabo durante ela, a mostra rómpena con facilidade. Tamén é utilizado para cazar lebres e caza maior. Son bos cobradores. Para formar mandas empréganse, salvo excepcións, femias e como moito un macho, pois estes non se axudan cazando e son enredantes. Cando unha manda colleu algúns miles de coellos dáse a peculiaridade de que algúns cans dela, xa non cazan ata despois dun longo descanso. A isto chamáselle «enconillarse».

c) Cranio: dolicocefalo, longo ou aplanado, óso occipital prominente, fronte estreita e plana.

d) Stop: pouco definido.

e) Trufa: lixeiramente convexa, cor carne; fosas nasais abertas.

f) Fociño: prominente, sobresa das mandíbulas inferiores; é estreito, longo e de cor carne harmonizando coa pelaxe.

g) Beizos: finos, recollidos, de cor carne.

h) Dentes: en perfecta oposición, brancos, ben colocados, coa trabada en tesoiras.

i) Ollos: oblicuos, pequenos, de cor ámbar claro, recordando a cor do caramelo; o ámbar pode ser máis ou menos intenso, segundo a cor da pelaxe. De mirada pouco nobre, moi intelixente, tímida e desconfiada.

j) Oreillas: sempre rixidas; dirixidas cara a diante, cara ós lados horizontalmente ou cara a atrás, cara arriba cando o can está excitado, moi movibles; o centro da base está situado ó nivel dos ollos; ten forma de romboide alongado, truncado a un tercio da súa diagonal máis longa. Son finas, sen pelos no seu interior; medianas, non esaxeradamente grandes.

III. *Pescozo*

Moi seco, tanto na súa parte inferior como na superior. A súa lonxitude é dunha cuarta parte o longo do corpo; lixeiramente arqueado, musculado; a pel é tensa, lisa, sen papada. O pelo adoita ser máis longo e denso na parte baixa superior desta zona, notándose máis nos de pelo liso.

IV. *Corpo*

O aspecto xeral do corpo é simétrico, subconvexo e mediolíneo, de dimensións bastante igualado, recollido, lixeiramente máis longo sen haber medida fixa de diferenza.

- a) Cruz: destacada, alta, seca e longa.
- b) Lombo: recto, longo e flexible; musculatura forte, pero plana.
- c) Lombo: arqueado, de largura media, forte e poderoso.
- d) Cruz dos cadrís: en pupitre, de musculatura moi potente e dura, cunha osamenta manifesta.
- e) Peito: profundo, estreito e longo, sen chegar ós cóbados, o esterno formando ángulo moi agudo e prominente; costelas planas.
- f) Ventre: recollido pero non agalgado.

V. *Rabo*

De inserción baixa; pasando entre as pernas debe chegar á columna vertebral, espigado (cara á punta arredor do rabo uns pelos máis longos e grosos lixeiramente separados en forma de espiga), longo; algo máis groso no seu nacemento, vai afinándose gradualmente; en repouso cae naturalmente; en acción está en forma de fouce, máis ou menos cerrada, preferiblemente que non sexa recto nin enroscado esaxeradamente sobre o dorso.

VI. *Extremidades anteriores*

Son asentadas, simétricas; vistos de fronte os brazos van moi xuntos; conxunto recollido, con extremidades longas dando a impresión dun animal delgado, áxil pero forte.

- a) Escápulas: oblicuas, fortes e libres nos seus movementos.
- b) Brazos: moi longos, rectos e fortes, e moi xuntos.
- c) Cóbados: amplos e destacados, paralelos co plano medio do corpo, nunca saídos.
- d) Antebrazo: largos no seu extremo inferior.
- e) Carpo: potente, forte, largo, ben dereito.

VII. *Membros posteriores*

Asentados, músculos longos, fortes e secos, de musculatura aplanada.

- a) Xarretes: en cóbado, largos, cerca da terra (descendentes), ben asentados, nin cara a dentro.
- b) Pés: tendencia de lebre, dedos longos e apertados, espacios interdixitais ben gornecidos de pelo, uñas moi fortes e xeralmente brancas, ás veces da cor do pelo; almofadas moi duras.
- c) Movemento: a andadura preferida é un trote en suspensión; o galope é moi veloz, dando sensación de gran axilidade.

VIII. *Pel*

Tensa, pegada ó corpo; pigmentación rosada, pode variar de cor nas rexións en que a da capa sexa distinta.

IX. *Pelo*

Liso, duro ou longo; o liso non debe ser sedoso pero si forte e brillante; o duro debe ser áspero, ben poboado, algo máis curto na cabeza e nas orellas, máis longo na parte posterior das coxas e no inferior do rabo; a barba é moi apreciada; o longo é máis suave e debe ter como mínimo unha lonxitude de 5 cm coa cabeza moi poboada.

X. *Cor*

Preferentemente branco e vermello, unicolores branco e vermello, aínda que tamén se podería admiti-lo leonado sempre que se trate dun exemplar extraordinario, aínda que se acepte esta cor para o pelo liso.

XI. *Tamaño e peso*

De 66 a 72 cm para os machos e de 60 a 67 cm para as femias; sen ser moi esixentes, xa que de medidas aproximadas se poden aceptar sempre que estas sexan proporcionadas e estéticas.

XII. *Faltas*

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase como falta e a gravidade desta considérase ó grao da desviación ó estándar.

a) Faltas graves:

Cabeza curta e larga.
 Stop moi marcado.
 Falta dun premolar.
 Orellas caídas.
 Costelar abombado.
 Cóbados cara a fóra.
 Xarretes de vaca.
 Pés cara a fóra.
 Cruzamento dos pés ou dos xarretes no movemento.

b) Faltas eliminatorias:

Cranio en escaleira.
 Pigmentación marrón ou manchas negras na trufa.
 Pálpebras e beizos vermello amarronado.
 Calquera forma de prognatismo.
 Faltas que indican un cruzamento cun galgo ou un lebre, é dicir:
 Orellas dobradas,
 Ollos escuros,
 Cruz dos cadrís larga,
 Esterno pouco definido,
 Extremidades anteriores separadas,
 Coxas redondeadas e longas, con venas avultadas.

Nota: os machos deben te-los testículos de aparencia normal completamente descendidos no escroto.

Sabuxo Español

I. *Aspecto xeral e carácter*

a) Descrición en conxunto: é un can de talle medio, eumétrico e lonxilíneo. De fermosa cabeza e longas orellas. Destaca o elevado perímetro torácico da raza e o diámetro lonxitudinal que supera amplamente a alzada á cruz.

De esqueleto compacto e fortes membros; de pelo fino, liso e pegado.

De mirada doce, triste e nobre. Cariñoso e manso, é un fermoso animal, que no combate con pezas de caza maior demostra posuír unha bravura e valentía pouco común.

b) Alzada á cruz: obsérvase nesta raza un elevado índice de dimorfismo sexual que se reflicte na diferenza de tamaño entre machos e femias; sendo as femias sensiblemente máis baixas e de menor corpulencia.

Machos de 52 a 57 cm.

Femias de 48 a 53 cm.

Admítese un centímetro de tolerancia sobre a alzada para exemplares de excelentes proporcións.

c) Formación: estrutura lonxilínea; diámetro lonxitudinal amplamente superior á alzada á cruz de 7 a 10 cm.

d) Utilización: can de rastro para caza menor, aínda que non despreza o rastro de caza maior, xa sexa xabaril, cervo, corzo, zorro, lobo ou oso.

O cazador informado pola voz (latir) do can e as súas modulacións, coñecerá o desenvolvemento da caza do rastro e as súas incidencias tales como: rastro vello ou recente, dobre rastro, "Latir de parada ou chamar a morto".

O Sabuxo Español é o gran especialista na caza de lebres «a volta» e é sumamente efectivo no rastro de sangue.

II. Cabeza

a) Descrición en conxunto: harmónica, proporcionada co resto do corpo e longa. A relación cranio cara é 5/5, é dicir, igual en lonxitudes.

Liñas cranio faciais diverxentes.

O conxunto cranio cara visto superiormente debe ser alongado e moi uniforme. Sen dar sensación de fociño aguzado.

b) Cranio: de largura media, sendo superior nos machos. Perfil convexo. A largura do cranio será igual á súa lonxitude.

Visto frontalmente ten que ser abovedado. Crista occipital simplemente marcada.

c) Depresión frontal nasal: suave, pouco acentuada.

d) Cara: perfil recto admitíndose lixeira subconvexidade, no tramo terminal. Vista dorsalmente aparece moderadamente rectangular, diminuíndo a súa largura en dirección á trufa.

e) Trufa: grande, húmida e con ventás largas e de amplo desenvolvemento. A súa cor oscila desde un marrón claro a un negro intenso; acompañando sempre á cor das mucosas.

f) Beizos: o superior debe cubrir decididamente o inferior sendo solto e desprendido con moderación. O inferior forma comisura labial arcada. As mucosas serán da mesma cor que a trufa.

g) Dentes: brancos e sans. Cabeiros ben desenvolvidos, existen tódolos premolares. Trabada en tesoiras.

h) Ollos: medianos, amendoados, de cor abelá, escuros. De mirada triste nobre e intelixente.

i) Pálpebras: pigmentadas da cor da trufa e mucosas pegadas ó globo ocular, admitíndose tenue relaxación en repouso.

j) Orelas: grandes, longas e caídas. De suave textura, forma rectangular e punta redonda; están inseridas por debaixo da liña dos ollos e penden libremente en rizo. Sen exercer tracción deben pasar amplamente da trufa. Rede venosa moi visible e a flor de pel.

k) Padal: da cor das mucosas con cristas marcadas.

III. Pescozo

Tronco cónico, largo e potente, musculado e flexible; pel grosa e moi despegada, que forma papada marcada e solta aínda que non esaxerada.

IV. Tronco

a) Vista de conxunto: decididamente rectangular, moi forte e robusto, dun gran perímetro torácico que debe ser superior en 1/3 á alzada á cruz. Alzada á cruz 3. Perímetro torácico 4.

b) Cruz: adiantada e simplemente marcada.

c) Dorso: potente, largo de acusada lonxitude.

Costelas con espazos intercostais de grande amplitude e redondeadas, que albergan unha gran caixa torá-

cica. Lombo moi longo, largo e poderoso e lixeiramente elevado.

d) Cruz dos cadrís: potente, larga. Con tendencia á horizontalidade. A altura á cruz dos cadrís debe ser igual ou menor á alzada á cruz; tendo en conta a tendencia existente na raza a ser elevada, permitírase levemente.

e) Liña dorso-lumbar: recta con lixeira concavidade sobre o dorso e convexidade sobre o lombo, características da raza pero sen afundimento.

f) Peito: moi desenvolvido, largo, profundo e alto, chegando amplamente ó cóbado. Punta do esterno marcada.

g) Ventre e flancos: ventre pouco recollido, as illargas moi notables e descendidas e os flancos amplos.

V. Rabo

De nacemento groso e inserción media. Forte e poboado de pelo moi curto formando na punta un pequeno pincel. En repouso o seu porte é lixeiro, curvado e baixo excedendo o xarrete en traballo e movemento, elevado en sable sen exceso e con movemento lateral continuo de vaivén.

Xamais recto cara a arriba ou descansando sobre a cruz dos cadrís.

VI. Membros anteriores

a) Vista de conxunto: perfectamente asentados, rectos, paralelos; dan sensación de curtos e aprécianse claramente músculos e tendóns. A lonxitude do antebrazo debe ser igual ás costas. Fortes de óso con metacarpo potente e cóbados ben adheridos ó tórax.

b) Costas: oblicuas, redondeadas, musculadas e de lonxitude similar ó brazo.

c) Brazo: forte e con cóbados pegados ó tórax.

d) Ángulo escápulo-umeral: próximo ós cen graos.

e) Antebrazo: recto, curto e ben asentado. De forte óso.

f) Ángulo úmero radial: próximo ós cento vinte graos.

g) Cana: forte de óso e potente. Vista lateralmente pouco inclinada.

h) Pés: de gato, dedos apertados, falanxes fortes e altas. Uñas e tubérculos plantares duros. Membrana interdixital moderada e provista de pelo fino.

Almofadas plantares amplas e duras.

Uñas fortes.

VII. Membros posteriores

a) Vista de conxunto: potentes, musculados e de excelentes angulacións. Correctas verticalidades, xarretes sen desviacións, metatarso longo e fortes pés. Proporcionanlle ó can a forza, axilidade e empuxe necesarios para pistear terreos moi esgrevios e con notables desniveis.

b) Coxas: fortes e musculosas.

c) Ángulo coxo-femoral: próximo ós cen graos.

d) Pernas: de media lonxitude, musculosas.

e) Ángulo femoral-tibial: próximo ós cento quince graos.

f) Xarretes: ben marcados, con nítida apreciación do tendón.

g) Ángulo do xarrete: aberto; próximo ós cento vinte graos.

h) Pés: de gato, lixeiramente ovalados. Máis alongados cás mans. Presencia ou non de esporóns que adoitan ser simples, rara vez dobres, admitíndose a súa amputación.

VIII. *Marcha*

A marcha preferida é o trote, sendo longo, sostido e económico. Sen tendencia á lateralidade nin ambladura. Prestaráselle especial interese ós cóbados e xarretes durante o movemento.

Existen durante a marcha tendencias naturais da raza a camiñar olfacteando coa cabeza baixa.

IX. *Pel*

Moi elástica, grossa e de cor rosada, desprendida por tódalas zonas, forma algunhas veces engurras frontais en posición de cabeza baixa.

X. *Pelo*

Tupido, curto, fino e pegado. Repartido polo corpo ata os espazos interdixitais.

XI. *Capa*

Branca e laranxa, con predominio dunha ou doutra cor e distribuída en manchas irregulares ben definidas e sen pencas. A cor alaranxada pode oscilar desde un ton máis claro (limón) ó ton avermellado forte amarronado.

XII. *Defectos*

a) Leves: perfís da cara acarneirados sen exceso. Ausencia dalgún premolar e trabada en pinza.

Pálpebras tan relaxadas que provoquen escasa conxuntiva visible. Liña dorso lumbar débil e distorsionada durante a marcha.

Elevación da rexión do lombo, que aínda que permitida, non debe ser xamais esaxerada.

b) Fociños graves: (exclúen da cualificación de excelente).

Fociños aguzados en exceso ou romos. Enognatismo moderado.

Ausencia de cabeiros ou premolares, non debida a traumatismos. Liña dorso-lumbar afundida. Alzada á cruz dos cadrís moi superior á alzada á cruz. Verticalidades incorrectas, débiles ou desviadas. Cóbados saíntes durante a marcha ou en estación. Braceos laterais durante a marcha. Xarretes de vaca. Pelo ondulado, duro ou semilongo. Amputación de orellas ou rabo. Entropión ou ectropión. Carácter desequilibrado, excesiva timidez, nerviosismo ou agresividade. Aspecto fráxil; perímetros torácicos escasos. Rabo excesivamente elevado ou apoiado sobre a cruz dos cadrís. Ladre.

c) Eliminatórios: (suporán a cualificación de inepto en confirmacións de pureza e biotipo)

Nariz partido.

Pelo duro ou longo.

Diámetro lonxitudinal igual ou inferior á alzada.

Calquera grao de prognatismo.

Enognatismo excesivo.

Pelo lanoso que indique mestizaxe.

Monorquidismo e criptorquidismo.

Exemplares tricolores ou fogueados en cara e membros.

Nota: os testículos serán ben desenvolvidos e descendidos no escroto.

Perdigueiro de Burgos

I. *Aspecto xeral e carácter*

a) Descrición en conxunto: can de caza de bo talle, eumétrico e mediolíneo.

De cabeza ben desenvolvida, tronco compacto e fortes extremidades.

Orellas caídas e pelo curto.

Rústico, equilibrado, tranquilo e sentado; resulta ser un gran can de mostra; especialmente indicado para a caza de pezas de pelo e pluma.

De mirada doce moi nobre, é unha raza de excelente carácter, docilidade e intelixencia.

b) Alzada á cruz:

Machos: de 62 a 67 cm.

Femias: de 59 a 64 cm.

Obsérvase nesta raza un elevado índice de dimorfismo sexual, sendo os machos máis homoxéneos e as femias de alzadas máis variables e menos corpulentas en xeral.

c) Formación: índice corporal mediolíneo. Diámetro lonxitudinal o máis próximo posible á alzada á cruz.

Deben buscarse a proporcionalidade e a harmonía funcional, tanto en estática como en movemento.

d) Utilización: can de mostra de pelo e pluma.

O Perdigueiro de Burgos é moi apreciado polos cazadores que desexan un can rústico, duro en calquera terreo e tipo de caza, obediente, forte e sobre todo de excelentes ventos e método de caza, debido á súa tranquilidade e apromo na busca, así como á súa mostra e ó seu impecable cobro.

Aínda que empregado para pezas de caza menor non desbota o rastro de pezas de caza maior; neste cometido demostra gran bravura.

II. *Cabeza*

a) Descrición en conxunto: grande e forte de cranio ben desenvolvido, cara e fociño fortes e orellas caídas en rizo.

O conxunto cranio cara visto superiormente debe ser moderadamente rectangular con diminución progresiva cara á trufa, sen dar sensación de fociño aguzado.

A relación entre a lonxitude do cranio e a da cara é de 6 a 5.

Liñas cranio-faciais diverxentes.

b) Cranio: largo, forte e de perfil convexo, con suco central ben marcado, abovedado e con crista occipital pouco marcada. Seos frontais acusados.

c) Depresión fronto-nasal: suave, pouco acentuada.

d) Cara: perfil recto ou con lixeirísimo acarneamento cara á trufa. Larga en toda a súa longura, non debe dar sensación de aguzada. Cano nasal largo.

e) Trufa: marrón escura, húmida, grande e larga con ventás ben abertas.

f) Beizos: caídos sen flaccidez. O superior cubrirá ben o inferior. O inferior forma comisura labial marcada. As mucosas deben ser marróns.

g) Dentes: fortes, brancos e sans, trabada en tesoiira. Existen tódolos premolares.

h) Ollos: medianos, amendoados, preferiblemente escuros de cor abelá, de mirada nobre e doce dando nalgunhas ocasións sensación de tristeza.

i) Pálpebras: de pel medianamente grossa, pigmentadas ó igual que as mucosas en marrón. A pálpebra inferior deberá se-lo máis pegada posible ó globo ocular.

j) Orellas: longas e caídas de forma triangular.

En repouso; inseridas no nivel da liña dos ollos. Caen graciosamente en rizo. Sen exercer tracción deben chegar á comisura labial e non alcanzarán a trufa.

Suaves e brandas ó tacto, de fino pelo e pel e rede venosa marcada.

En atención, de inserción máis alta e colocación frontal máis plana.

k) Padal: de rosadas mucosas con contas ben marcadas.

III. *Pescozo*

Forte e potente; parte largo da cabeza e continúa con lixeiro alargamento cara ó tronco. Bordo superior lixeiramente arqueado. Bordo inferior con papada ben definida que partindo de ámbalas comisuras labiais se presenta dobre sen ser esaxerada.

IV. *Tronco*

a) Vista de conxunto: cadrado, forte e robusto de potente peito e costelar, dando sensación de poder e axilidade.

b) Cruz: ben definida.

c) Dorso: potente e musculado. Costelas ben desenvolvidas, redondeadas, non planas. Espacios intercostais ben marcados e amplos a medida que avanzamos cara ás costelas flotantes.

O perímetro torácico debe ser igual á alzada á cruz máis 1/4 dela.

Lombo mediano, largo e musculado, dando sensación de poder.

d) Cruz dos cadrís: larga e forte. A súa inclinación procurarase que sexa menor de 45 ° con respecto á liña dorso lumbar e ó chan.

Alzada á cruz dos cadrís, igual ou menor da alzada á cruz.

e) Liña dorso-lumbar: recta e horizontal ou desexable con lixeira caída desde a cruz. Nunca afundida e sen oscilacións durante o movemento.

f) Peito: largo, profundo, alcanza o nivel do cóbado, musculado e poderoso. Punta do esterno marcada.

g) Ventre e flancos: ventre moderadamente recoillido cara ós xenitais. Illargas descendidas e flancos ben marcados.

V. *Rabo*

De nacemento grosso e inserción media. Preséntase amputado entre un tercio e a metade da súa lonxitude.

VI. *Membros anteriores*

a) Vista de conxunto: perfectamente asentados. Rectos e paralelos. Fortes de ósos con cuartillas curtas e pés ben desenvolvidos.

b) Costas: moderadamente oblicuas, musculosas. A escápula debe ter aproximadamente a mesma lonxitude do brazo.

c) Brazo: forte e ben musculado, a súa lonxitude será 2/3 da do antebrazo.

d) Antebrazo: forte de óso con tendóns marcados. Recto ben asentado e con cóbados pegados ó tronco. A súa lonxitude é dobre á lonxitude total desde o pulso (ósos metacarpianos) ó chan.

e) Cana: vista lateralmente pouco inclinada é practicamente a continuación do antebrazo. Forte de óso.

f) Pés: de gato, dedos apertados, falanxes fortes e altas. Uñas escuras. Tubérculo plantar robusto, moi largos de almofadas e duros. Membrana interdixital moderada.

g) Angulacións:

Ángulo escápulo-umeral próximo ós 100 °.

Ángulo úmero-radial próximo ós 125 °.

VII. *Membros posteriores*

a) Vista de conxunto: potentes e musculados, fortes de óso e ben asentados con angularidades correctas, xarretes ben marcados e desviacións, dando sensación de potencia e solidez.

b) Coxas: moi fortes e con clara apreciación da musculatura, ben marcada e desenvolvida. A súa lonxitude é 3/4 da da perna.

c) Perna: longa e forte de óso cunha lonxitude dobre á do metatarso.

d) Xarretes: ben marcados con nítida apreciación do tendón.

e) Metatarso: forte de óso e perpendicular ó chan.

f) Pés: de gato ó igual que nos membros anteriores, aínda que lixeiramente máis alongados.

g) Angulacións:

Ángulo coxo-femoral próximo ós 100°.

Ángulo fémoro-tibial próximo ós 120°.

Ángulo do xarrete aberto superior ós 130°.

VIII. *Marcha*

A marcha típica da raza é un trote económico, solto e potente sen tendencia á lateralidade e sen ambladura.

IX. *Pel*

Elástica pero non despegada, grosa abundante de cor rosácea sen manchas.

Tódalas mucosas serán marróns, xamais negras.

X. *Pelo*

Tupido de mediano grosor, curto, liso e repartido por todo o corpo ata os espazos interdixitais. Máis fino na cabeza, orellas e extremidades.

XI. *Capa*

As cores básicas do pelo son o branco e o fígado. Estas cores mestúranse irregularmente dando capas xaspeadas en fígado, fígado canoso, apingarados en fígado e outras varias combinacións, segundo sexa predominante a cor fígado ou branca e segundo estean as manchas brancas máis abertas ou pechadas.

É característica moi frecuente aínda que non necesaria da capa, a mancha branca nítida sobre a fronte e as orellas sempre manchadas de cor fígado homoxéneo. Os pelos de cor fígado poden formar manchas nítidas ben definidas da dita cor distribuídas irregularmente pola capa do animal. O mesmo pode suceder cos pelos brancos, que poden formar lagoas desta cor sobre a capa sen que sexan extremadamente abertas.

Non se admiten xamais as coloracións negras nin os lumes sobre os ollos e nas extremidades.

XII. *Defectos*

a) Leves:

Perfís da cara acarneirados sen exceso, ausencia dalgún premolar, trabada en pinza.

Liña dorso-lumbar pouco sólida.

Conxuntiva lixeirísimamente visible.

Belfos ou papadas que sen resultar excesivos se encontren moi marcados.

Canas ou pés non excesivamente débiles.

Cicatrices, feridas e excoriacións durante a temporada de caza.

b) Graves: exclúen da cualificación de excelente.

Fociños aguzados e cranios estreitos.

Ectropión ou entropión moi acusado.

Orellas demasiado longas ou de baixa inserción.

Belfos ou papadas esaxeradas.

Cabezas pobres ou pequenas.

Ollos claros.

Eixes cranio-faciais paralelos.

Ausencia de varios premolares e cabeiros non debido a traumatismos.

Liña dorso-lumbar afundida.

Alzada á cruz dos cadrís notablemente superior á alzada á cruz.

Verticalidades incorrectas débiles ou desviadas, cóbados despegados e xarretes de vaca.

Pelo ondulado ou moi longo.

Aspecto lixeiro, fráxil ou excesivamente pesado e linfático.

Carácter desequilibrado.

Rabo sen amputar.

c) Eliminatorios: suporán a cualificación de inepto en confirmacións de pureza e biotipo.

Nariz partido ou negro.

Calquera grao de prognatismo.

Enognatismo excesivo.

Despigmentacións na trufa.

Albinismo na capa acompañado das mucosas.

Monorquidismo ou criptorquidismo.

Eixes cranio-faciais decididamente converxentes.

Nota: os testículos serán ben desenvolvidos e descendidos no escroto.

Can de Auga Español

I. Aspecto xeral do can

Can rústico, eumétrico (peso medio), dolicocefalo, proporcións sublonxilíneas, harmónico de formas, de bela estampa, de complexión atlética e ben musculado debido á constante ximnasia funcional que exercita; perfil rectilíneo; vista, olfacto e oído moi desenvolvidos.

a) Proporcións importantes:

Longo do corpo/talle (altura á cruz) = 9/8.

Profundidade de peito/talle (altura á cruz) = 4/8.

Lonxitude do fociño/lonxitude da cabeza = 2/3.

b) Comportamento/carácter: fiel, obediente, alegre, laborioso, valente, e equilibrado; de gran capacidade de aprendizaxe polo seu extraordinario entendemento, acomodable a tódalas situacións e temperamentos.

c) Utilización: can de pastor, cazador e axudante de pescadores.

II. Cabeza

Cabeza forte de porte elegante.

a) Rexión cranial: cranio plano con crista occipital pouco marcada. A dirección dos eixes do cranio e do fociño son paralelos. Depresión fronto-nasal suave e pouco acentuada.

b) Rexión facial: cara de perfil rectilíneo. Trufa, nariz: nariz con orificios nasais ben definidos. A trufa pigmentada na mesma cor ou máis forte que o ton máis escuro da capa.

c) Beizos: recollidos e unha comisura labial ben definida.

d) Dentes: ben formados, brancos e cabeiros desenvolvidos.

e) Ollos: lixeiramente oblicuos, máis ben separados, de mirada moi expresiva; iris de cor abelá ata cor castaña, sendo desexable unha tonalidade acorde coa capa; conxuntiva ocular non aparente.

f) Orelas: inserción media, triangulares e caídas.

III. Pescozo

Curto, musculoso e sen papada. Ben inserido nas costas.

IV. Corpo

Robusto.

a) Liña superior: recta.

b) Cruz: pouco pronunciada.

c) Dorso: recto e forte.

d) Peito: largo, profundo. Costelar ben arqueado, perímetro torácico amplo que denota unha gran capacidade respiratoria.

e) Cruz dos cadrís: suavemente inclinada.

f) Liña inferior: ventre lixeiramente recollido.

g) Rabo: inserción media. O rabo debe amputarse da segunda á cuarta vértebra coccíxea. Existen exemplares braquiros.

V. Extremidades anteriores

Sólidas e de verticalidades correctas.

a) Ombros: musculosos e oblicuos.

b) Brazo: poderoso.

c) Cóbados: ben pegados ó peito e paralelos.

d) Antebrazo: recto e forte.

e) Carpo e metacarpo: rectos. Sendo máis ben curtos.

f) Pés dianteiros: redondeados, con dedos ben unidos; uñas con distintas tonalidades; almofadas consistentes.

VI. Extremidades posteriores

Perfectamente asentadas, con angulacións traseiras non excesivamente pronunciadas e músculos capaces de imprimirlle ó corpo impulso brusco na carreira e saltos fáciles e elegantes.

a) Coxa: longa e musculosa.

b) Perna: ben desenvolvida.

c) Xarrete: ben descendido.

d) Metatarso: curto, seco e perpendicular ó chan.

e) Pés traseiros: coas mesmas características cós anteriores.

f) Andadura: a marcha preferida é o trote.

VII. Pel

Flexible, fina e ben adherida ó corpo. Pode ser pigmentada en castaño, en negro ou sen pigmento, de acordo co ton da súa capa, ó igual que tódalas mucosas.

VIII. Pelo

Sempre rizado e de consistencia lanosa. Rizado cando é curto, ata formar cordeis cando é longo. Admitiranse os exemplares tosquiados, debendo ser este completo e uniforme e baixo ningún concepto se admitirán os tosquiados «estéticos». O longo máximo recomendado para as exposicións é 12 cm (15 cm estendendo os rizos) e o mínimo é 3 cm, para poder apreciala calidade dos rizos.

Os cachorros nacen sempre con pelo rizado.

IX. Cor

Unicolores: branco, negro e marrón nas súas diferentes tonalidades.

Bicolores: branco e negro ou branco e marrón, nas súas diferentes tonalidades.

Os tricolores, os negros e lume e os abelá e lume non están admitidos.

X. *Talle e peso*

- a) Alzada á cruz: macho 44-50 cm.
Femia 40-46 cm.

En ámbolos sexos unha variación máxima de 2 cm está admitida sempre que o can presente proporcións xerais compatibles coa súa altura á cruz.

- b) Peso: macho 18-22 kg.
Femia 14-18 kg.

XI. *Defectos*

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase como falta e a gravidade desta considérase ó grao da desviación ó estándar.

- a) Graves:

Liña dorso-lumbar manifestamente afundida.
Verticalidades incorrectas.
Ventre colgante ou excesivamente recollido.

- b) Eliminatorios:

Carácter desequilibrado.
Prognatismo superior ou inferior.
Presencia de esporóns.
Pelo liso u ondulado.
Albinismo.
Capa apingarada ou manchada, negra e lume ou cor abelá e lume.
Agresividade ou timidez inequívoca.

Nota: os machos deben ter dous testículos de aparencia normal completamente descendidos no escroto.

Galgo Español

I. *Aparencia xeral*

Can lebel de bo tamaño, eumétrico, subconvexo, sublonxilíneo e dolicocefalo. De esqueleto compacto, cabeza longa e estreita, tórax de ampla capacidade, ventre moi retraído, e rabo moi longo. Tren traseiro ben asentado e musculado. Pelo fino e curto ou duro e semilongo.

- a) Temperamento e comportamento: de carácter serio e retraído en ocasións, aínda que na caza demostra unha gran enerxía e vivacidade.
b) Proporcións importantes: estrutura sublonxilínea; diámetro lonxitudinal brevemente superior á alzada á cruz. Deben buscarse a proporcionalidade e a harmonía funcional, tanto en estática coma en movemento.
c) Utilización: can de caza de lebres á carreira, en rápida persecución e guiándose á vista. Igualmente foi empregado e pode acosar outras pezas de pelo, como coellos, raposos e incluso xabarís; pero a primordial utilización da raza foi e é a caza de lebres á carreira.

II. *Cabeza*

- a) Descrición en conxunto: proporcionada co resto do corpo, longa, enxoita e seca. A relación cranio-fociño é 5/6; lonxitude do cranio 5, lonxitude do fociño 6.
Liñas cranio-faciais diverxentes.
O conxunto cranio-fociño visto desde arriba debe ser moi alongado e uniforme; con fociño longo, estreito.
b) Trufa: pequena, húmida e de mucosas negras.
c) Fociño: longo, de perfil subconvexo, con lixeiro acarneamento do bordo superior cara á trufa. Cana nasal estreita.
d) Beizos: moi xuntos. O superior cubrirá xustamente ó inferior. O inferior non presentará comisura labial marcada. Finos, tensos e de mucosas escuras.

e) Dentes: fortes, brancos e sans. Trabada en tesoiras. Cabeiros moi desenvolvidos. Existen tódolos premo-lares.

f) Ollos: pequenos, oblicuos, amendoados; preferiblemente escuros, de cor abelá. De mirada tranquila, doce e reservada.

g) Pálpebras: de pel fina, mucosas escuras. Moi pegadas ó globo ocular.

h) Orelas: de larga base, triangulares, carnosas no seu primeiro tercio e máis delgadas e finas cara ó final, que será en punta redonda. De implantación alta. En atención, semierectas no seu primeiro tercio coas puntas dobradas cara ós laterais. En repouso, en rosa pegadas ó cranio. Exercendo tracción chegarán moi próximas á comisura de ámbolos beizos.

III. *Pescozo*

Longo, de sección ovalada, plano, esvelto, forte e flexible. Estreito na parte da cabeza, continuando con lixeiro alargamento cara ó tronco. Bordo superior lixeiramente cóncavo. Bordo inferior case recto con lixeira convexidade central.

IV. *Corpo*

a) Visto de conxunto: rectangular, forte e flexible. De peito amplamente desenvolvido, ventre moi recollido; dando sensación de fortaleza, axilidade e resistencia.

b) Liña superior: con lixeira concavidade sobre o dorso e convexidade sobre o lombo. Sen interrupcións bruscas e sen oscilacións durante o movemento, dando sensación de grande elasticidade.

c) Cruz: simplemente marcada.

d) Dorso: recto, longo e ben definido. As costelas con amplos espazos intercostais e aplanadas. O costelar debe ser ben visible e marcado. O perímetro torácico será lixeiramente superior á alzada á cruz.

e) Lombo: longo, forte, non moi largo e de bordo superior arqueado con compacta e longa musculatura, dando sensación de elasticidade e fortaleza. A altura do lombo na súa parte central pode exceder-la alzada á cruz.

f) Cruz dos cadrís: longa, poderosa e en pupitre. A súa inclinación é superior ós 45° con respecto á liña horizontal.

g) Peito: poderoso, aínda que non moi largo; profundo sen alcanza-lo cóbado e moi longo ata as costelas flotantes. Punta do esterno marcada.

h) Ventre e flancos: ventre bruscamente recollido desde o esterno; agalgado. Illargas curtas e secas; flancos ben desenvolvidos.

V. *Rabo*

De nacemento forte e inserción baixa, discorre pegado entre as pernas afinándose progresivamente ata rematar en punta moi fina. Flexible e moi longo; excede amplamente o xarrete. En repouso, caído en forma de fouce con gancho final moi acusado e lateralmente inclinado. Remetido entre pernas con gancho final que case roza o chan por diante dos membros posteriores; é unha das posturas que máis tipicidade lle confiren á raza.

VI. *Extremidades dianteiras*

a) Vista de conxunto: perfectamente asentadas, finas, rectas e paralelas, metacarpos curtos e finos e pés de lebre.

b) Costas: secas, curtas e inclinadas. A escápula debe ser sensiblemente máis curta có brazo.

c) Brazo: longo, de maior lonxitude cá escápula, moi musculado, con cóbados libres aínda que pegados ó tronco.

d) Antebrazo: moi longo; ósos ben definidos, con tendóns ben marcados, rectos e paralelos. Almofadas carpianas moi desenvolvidas.

e) Metacarpo: lixeiramente inclinado, fino e curto.

f) Pés: de lebre. Dedos apertados e altos. Falanxes fortes e longas. Tubérculos e almofadas duras e ben desenvolvidas.

g) Angulacións: ángulo escápulo-umeral: 110°.

Ángulo úmero-radial: 130°.

VII. *Extremidades traseiras*

a) Vista de conxunto: potentes, ósos ben definidos, musculosos, de musculatura longa e ben desenvolvida. Perfectamente asentadas e de correctas angulacións. Xarretes ben marcados; metatarsos curtos e perpendiculares ó chan; pés de lebre con dedos altos. Dan sensación de potencia e axilidade no impulso.

b) Coxas: moi fortes, longas, musculadas e tensas. O fémur o máis perpendicular posible. Vistos desde atrás presentarán unha musculatura moi marcada a simple vista; longa, plana e potente, a súa lonxitude é 3/4 da da perna.

c) Perna: moi longa, de óso marcado e fino. Musculada na súa parte superior; menos na zona inferior, con clara apreciación de veas e tendóns.

d) Xarretes: ben marcados con nítida apreciación do tendón, que estará moi desenvolvido.

e) Metatarso: fino, curto e perpendicular ó chan.

f) Pés: de lebre, ó igual que nos membros anteriores.

g) Angulacións:

Ángulo coxo-femoral: 110°.

Ángulo fémoro-tibial: 130°.

Ángulo do xarrete: superior ós 140°.

h) Movemento: o movemento típico é naturalmente o galope. O trote debe ser longo, rasante a terra, elástico e potente. Sen tendencia á lateralidade e sen ambladura.

VIII. *Pel*

Moi pegada ó corpo en tódalas súas zonas, forte e flexible; de cor rosada. As mucosas deben ser escuras.

IX. *Pelo*

Tupido, moi fino, curto, liso; repartido por todo o corpo ata os espazos interdixitais. Lixeiramente máis longo na parte posterior das coxas.

A variedade de pelo duro semilongo presenta maior aspereza e lonxitude de pelo, que pode ser variable; aínda que sempre repartido uniformemente por todo o corpo chega a presentar unha barba e bigotes na cara, sobrecelas e topete na cabeza.

X. *Cor*

Indeterminada. Considéranse como cores máis típicas e por orde de preferencia as seguintes: barcinos e atigrados máis ou menos escuros e de boas pigmentacións, negros, barquillos escuros e claros, tostados, canelas, amarelos, vermellos, brancos, pegos ou bicolores e brancos marxados.

XI. *Tamaño*

Alzada á cruz:

Machos de 62 a 70 cm.

Femias de 60 a 68 cm.

Admítese sobre a alzada unha marxe de 2 cm para exemplares de proporcións excelentes.

XII. *Faltas*

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase como falta e a gravidade desta considérase ó grao da desviación ó estándar.

a) Faltas leves:

Cabeza lixeiramente larga ou pouco cicelada.

Perfil do fociño recto, fociño aguzado.

Parietais acusados.

Ausencia dalgún premolar.

Trabada de pinza.

Rabo lixeiramente curto, pasando pobremente o xarrete.

Cicatrices, feridas e excoriacións durante a temporada de caza.

b) Faltas graves:

Cabeza grande.

Cranio excesivamente longo e fociño aguzado.

Depresión naso-frontal moi marcada.

Eixes cranio-faciais paralelos.

Belfos e papada marcada.

Prognatismo superior moderado.

Ausencia de canicas non debidas a traumatismos.

Ollos claros, redondos, saltóns ou prominentes.

Ectropión, entropión.

Oreallas curtas, erectas ou pequenas.

Pescozo curto e redondo.

Liña dorso-lumbar afundida.

Alzada ó ril inferior á alzada á cruz.

Cruz dos cadrís curta, redonda ou pouco inclinada.

Perímetro torácico escaso.

Costelas en tonel.

Flancos curtos.

Musculatura moi globulosa, redonda e pouco alongada.

Verticalidades incorrectas, dedos separados, xarretes de vaca.

Almofadas débiles.

Presa Canario

Sinonimia: can basto e verdino para aqueles exemplares de capa atigrada (abardinada).

I. *Utilización*

O seu ardente temperamento herdouno do seu antepasado o Bardino ou Majorero, can de gando prehistórico, difundido desde moi antigo por todo o arquipélago, rústico, bregado e fogoso de carácter.

Estes cruzamentos deron como orixe unha agrupación étnica de presa de tipo intermedio e predominante, de cor atigrada (abardinada) ou leonada e ambos manchados de branco.

Pasarían varias décadas para que o rexurdimento do Presa Canario se iniciase de forma ininterrompida de mans de contados criadores que viviran e coñeceran a súa tradición e a súa existencia.

A partir dese momento, o labor incesante da recría conseguiu que o Presa Canario se encontrase difundido por todo o arquipélago, onde existe numerosísima poboación e críase e selecciónase co concepto de raza que posuímos, sen esquecer-la función para a que foi creada.

II. *Aspecto xeral e carácter*

a) Descrición de conxunto (características xerais): can de talle medio, eumétrico, de perfil recto. De aspecto rústico e ben proporcionado. É un mesomorfo, o seu

tronco é máis longo cá súa altura á cruz, acentuándose o carácter lixeiramente máis lonxilíneo nas femias.

Cabeza maciza, de aspecto cadrado e cranio largo. Os beizos superiores cobren os inferiores con certa flacidez. Mucosas de cor negra. Dentes fortes, de larga implantación e xeralmente ben encaixados. Ollos de cor castaña, de tamaño medio. Orelas de inserción alta. Pescozo cilíndrico, fortemente musculado e cuberto por pel grosa, despegada e elástica. Lixeira papada. Costas curvas e rectas. Implantación do rabo larga. Peito largo e de grande amplitude. Ventre medianamente recollido. Extremidades anteriores perfectamente asentadas, de ósos longos e fortes. Pé de gato. Extremidades posteriores potentes e musculadas, con angulacións non moi marcadas e correctas verticalidades, con pé de gato lixeiramente máis longo có pé anterior. Pel elástica e grosa. Pelo curto, sen subpelo, que presenta certa aspereza. Capa dentro da gama atigrada, leonada e negra, con máscara negra.

b) Carácter e aptitude: o seu aspecto denota potencia. Mirada severa. Especialmente dotado para a función de garda e defensa e tradicionalmente para a condución de gando vacúo. De temperamento impetuoso. Hábil loitador, tendencia que amosa por atavismo. Ladrado grave e profundo. É manso e nobre en familia e desconfiado cos estraños. No pasado utilizouse especialmente como can de loita.

c) Alzada á cruz:

Machos: de 61 a 66 cm.

Femias: de 57 a 62 cm.

III. Cabeza

Tipo braquicefálica. Tendencia cuboide. Aspecto macizo. A proporción cranio-cara é de 6 a 4. A depresión fronto-nasal non é brusca.

a) Cranio: convexo en sentido anteposterior e transversal. Arcada cigomática moi marcada, con gran desenvolvemento dos músculos temporais e maseteres. A depresión entre seos frontais é marcada. A crista occipital pouco marcada.

b) Cara ou fociño: de menor lonxitude có cranio. Normalmente representa un 40 por 100 do total da cabeza. É de gran largura, en prolongación do cranio. As liñas cranio-faciais son rectas ou lixeiramente converxentes.

c) Beizos ou belfos: medianamente grosos e carnosos. O superior lixeiramente colgante e na súa conxunción, visto de fronte, forma un V invertido. As mucosas son de cor escura, aínda que pode aparecer-lo ton rosáceo, sendo, non obstante, o escuro o desexable.

d) Maxilares: dentes con base de implantación moi forte e xeralmente encaixados. Dada a súa orixe, admítase un lixeiro prognatismo. Trabada típica de Moloso de Presa. Non é penalizable a ausencia dalgún premolar, posto que a misión de presa a realiza con incisivos e cabeiros, os cales deben estar ben aliñados e dispostos. Os cabeiros presentan ampla distancia transversal.

e) Padal: con estrías ben marcadas de ton rosáceo.

f) Ollos: lixeiramente ovalados. Con boa separación. Pálpebras pigmentadas en negro. A cor oscila entre o castaño medio e escuro de acordo coa cor da capa.

g) Orelas: colgantes cando están completas. De arrinque brusco e mediano tamaño e implantación alta. Préganas xeralmente en rosa. Se se recortan, conforme a tradición, quedan erectas ou semierectas e de forma triangular. Os exemplares con orelas completas competirán nas mesmas condicións que as orelas recortadas.

IV. Pescozo

Cilíndrico, recto, macizo e moi musculoso. É máis ben curto e o seu bordo inferior presenta a pel frouxa que contribúe á formación de mediana papada. Lonxitude media: entre 18 e 20 cm.

V. Tronco

A súa lonxitude supera normalmente a alzada á cruz nun 18 ou 20 por 100. Peito largo e de gran amplitude con músculos pectorais ben marcados. Visto frontalmente debe chegar como mínimo ó cóbado. O perímetro torácico será normalmente igual á alzada, máis un 30 por 100 desta, se ben é desexable superar esta proporción. Costelas ben arqueadas, case de estrutura cilíndrica.

a) Liña dorso-lumbar: recta, ascendendo lixeiramente cara á cruz dos cadrís. Aparente afundimento no dorso, xusto detrás da cruz.

b) Cruz dos cadrís: recta, media e larga. A altura á cruz dos cadrís presenta normalmente 1,5 cm de máis en relación á altura da cruz.

c) Flancos: pouco marcados, só insinuados.

VI. Rabo

De inserción alta, flexible, de nacemento grosa, afinándose ata o xarrete. En repouso pode observarse lixeira desviación lateral. En acción elévase en forma de sable, coa punta cara a diante, sen enroscarse.

VII. Extremidades anteriores

Perfectamente asentadas, de ósos longos e revestidos de musculatura potente e visible. Os cóbados non deben ser nin demasiado pegados ó costelar nin abertos cara a fóra. Pé de gato, apertado. Uñas sólidas, negras ou brancas, en relación á coloración da capa.

VIII. Extremidades posteriores

Potentes, ben asentadas de fronte e de perfil. Coxas longas moi musculosas. As angulacións pouco marcadas. Pé de gato. Normalmente non presenta esporón. Xarretes baixos e sen desviacións. A existencia de esporón pode restar puntuación, pero non constitúe motivo de descalificación.

IX. Pelo

Curto en toda a súa extensión, xeralmente máis espeso na cruz, gorxa e crista das nádegas. Sen subpelo. Compacto no rabo. De aspecto rústico, presenta certa aspereza.

X. Cor

Atigrada (abardinada) en toda a súa gama, desde o escuro moi cálido ó gris neutro moi claro ou o rubio. Leonado en toda a súa gama, ata o area. Negro.

En ocasións pode presentar manchas arredor do pescozo (acolarados) ou nas extremidades (calzados), se ben é desexable que a presenza do branco sexa o máis reducida posible.

Polo xeral presenta manchas brancas no pelo, máis ou menos longas. A máscara é sempre de cor escura e pode alcanzar ata a altura dos ollos.

XI. *Peso*

Media dos machos: de 45 a 57 kg.
Media das femias: de 40 a 50 kg.

XII. *Defectos*

a) *Leves:*

Excesivas engurras na rexión cranio-facial.
Presencia de esporón.

b) *Graves:*

Escasa pigmentación na trufa.
Belfos excesivamente colgantes.
Prognatismo excesivo.
Exemplares de aspecto lixeiramente agalgado.
Pobreza de máscara.
Verticalidades incorrectas ou desviadas.
Desequilibrio de carácter.
Aparencia fráxil e pobreza de contextura.
Cabeza que non cumpra a proporción cranio-cara.
Rabo enroscado, de igual grosor en toda a súa lonxitude, amputado ou deforme.

c) *Eliminatorios:*

Exemplares monórquidos, criptórquidos ou castrados.
Manchados en branco superior ó 20 por 100.
Despigmentación total de trufa ou mucosas.

XIII. *Aspectos máis importantes*

a) *Expresión de cabeza (tipicidade):* masiva. Fociño de bo recheo. Ollos escuros, ben separados. "Stop" definido, pero non brusco. Dorso nasal recto, non encarpado. Beizo superior non retraído. Engurras suficientes. Trabada ben aliñada, en tesoira normal ou invertida. Desbota-la trabada en pinza ou tenaces.

b) *Expresión corporal:* corpo rectangular, lonxilíneo, de talle medio, desbotando as medidas altas non funcionais nin características. Ombros ben inclinados. Costelas moi arqueadas. Peito profundo e largo, canto máis distancia transversal mellor. Forte desenvolvemento peitoral. Cóbados despegados, non saíntes. Ósos de moita substancia. Cruz dos cadrís máis alta cá cruz, ben desenvolvida. Angulacións suficientes, non escasas.

Can Majorero

I. *Aspectos xerais do Can Majorero*

Utilizando a terminoloxía popular da illa onde o Can Majorero se conservou, a aparencia ou estampa é coñecida por «bitola», sendo a desta raza:

Can medio, case cadrado, coa cruz dos cadrís algo máis alta cá cruz; compacto, de pescozo largo, que parece desproporcionado coa súa menor cabeza, pero que é precisamente o que permite a súa forza de agarre e firmeza na presa ou trabada; recio, de marcada figura, sen resaltes, ó queda-las súas orellas engurradas á cabeza. Peito largo e profundo, factor que facilita a súa gran capacidade de resistencia á andadura, á calor e aínda á falta de auga.

Andar alegre, vivo, con firme pero amortecido movemento das mans motivado pola irregularidade e aspezas dos distintos terreos, e máis sobre as abundantes masas lávicas, adaptando o seu paso e pisada de maneira que mantén a elegancia da súa andadura, que se tensa nos trotes e vertixinosas carreiras que realiza nas súas tarefas de pastoreo e «apañas».

Particular é a súa forma de sentarse, sobre un lado, normalmente coa mirada atenta ó que o rodea, como razón de se-la súa proverbial condición de vixilante.

Unha das características propias do Can Majorero é o seu temperamento. Dada a súa recoñecida valentía, non ten medida do contrario ou ser do que se defende ou ó que, por circunstancias, ten que atacar, sexa persoa ou animal. Mirada brillante, firme, atenta ante a presenza do home, alegre tratándose dos seus propietarios, familiares ou coñecidos; e receosa, desconfiada e marcando as distancias estando, solto ou atado, ante estraños, presto a actuar chegado o momento. É un can leal, moi territorial; tremendamente defensor do que se lle encomenda. Traballa ben o gando, sen danalo e por iso se aprecia en tódalas illas. Sen ser fero, chegado o momento de actuar faino con valor e fereza, baseándose na súa potencia e firmeza da presa ou trabada facilitada pola súa forte dentadura e musculación do seu pescozo.

II. *Cabeza*

a) *Cranio:* a forma do cranio é larga, de cono truncado.

A dirección dos eixes lonxitudinais superiores do cranio e o fociño son inclinados e lixeiramente diverxentes (A-E e B-A).

O contorno superior suavemente convexo (A-E).

Arcos superciliares. A forma dos seus seus frontais lixeiramente pronunciados, mantendo a inclinación en triángulo da fronte e o fociño.

Ben marcada a protuberancia da crista occipital.

O grao da depresión naso-frontal "stop", pouco marcado.

b) *Nariz:* largo, negro, inclinado cara ó interior (C-G).

c) *Fociño:* lixeiramente menor có cranio (B-A). Perfil acoitelado, mantén a liña do nariz respecto á cabeza (C-G), sendo a súa forma cónica, algo trompuda, perfil naso-frontal lixeiramente inclinado (A-B), ó igual que a liña cranio-facial (A-F). Mucosas cor escura.

d) *Beizos:* recollidos, delgados e apertados, pigmentados no seu exterior.

e) *Mandíbula-dentes:* mandíbula de base triangular, potente; dentadura completa, dentes de base larga e ben aliñados, trabada en tesoiras, sen prognatismo.

f) *Meixelas:* sen resaltes, lisa e cinguida á osamenta.

g) *Ollos:* tamaño medio, máis ben pequenos, ovais. Cor abelá ou amendoada, admitíndose tonalidades do amarelo ó marrón escuro; pigmentados os seus bordos, normalmente en negro e tamén gris lousa. Colocados frontalmente, á altura do ángulo cranio-facial.

h) *Orellas:* inserción atrasada e alta, máis arriba do nivel dos ollos. A súa liña é irregularmente triangular desde a base á punta, coa característica de ser pregadas, de maneira que amosan os orificios dos oídos. Presenta marcadamente un dobre pregamento: o primeiro é o que a cingue na súa base ó cranio, cunha engurra tipo alcachofa; o segundo apréciase na punta, parecendo tela partida, de forma que, en ningún caso, pode mantelas firmemente erectas.

Como posicións normais das orellas preséntanse: abri-las lateralmente sempre coa punta dobrada; en actitude submisiva ou sendo afagados axústanas á cabeza; en actitude defensiva ou de pelexa e encelados cínxenas á cabeza e, nestes casos, a penas se lles distinguen, orixinando esa silueta na que non sobresaen, vistas de fronte ou lateralmente.

III. *Pescozo*

Outra das características do Can Majorero é o seu potente pescozo, no que se destaca:

a) *Perfil superior:* recto, non curvo, formando case unha liña inclinada co peito.

b) *Longura:* bastante curto en relación co corpo, entre, aproximadamente, 22,0 cm, femia, e 25,0 cm, macho.

- c) Largo: de arrinque moi largo na súa unión ó tronco e máis estreito na da cabeza.
- d) Forma: cónica ou triangular.
- e) Musculatura: fortemente musculado
- f) Pel: apertada, sen papada.

IV. *Corpo*

Forte, compacto, con liña dorsal lixeiramente en ascenso cara á cruz dos cadrís. Case cadrado ou moi suavemente máis longo ca largo.

- a) Cruz: un pouco máis baixa cá cruz dos cadrís e con suave inserción ó pescozo.
- b) Costas: liña superior recta, ben musculada.
- c) Lombo: tamén de forte musculatura e máis en relación ó inicio nas costas.
- d) Peito: costelar máis ben redondeado e profundo que chega á altura do cóbado ou a pasa lixeiramente. Peito largo, aproximadamente entre 13 cm, as femias, e 14, os machos.
- e) Abdome: contorno inferior algo redondeado, non flácido, lixeiramente recollido.
- f) Rabo: colocación de inserción máis ben alta.

- 1.º Forma: grosa, redondeada, lixeiro apincelamento final.
- 2.º Longo: en estado de repouso chega ó xarrete.
- 3.º Espesura: pelo forte e parello, non longo, admítase algo colgante ou curta pelame na súa parte baixa.
- 4.º Porte en repouso: de estar completa, a lixeira dobrez que forma no seu aproximadamente tercio final, chega ó xarrete; de estar cortado, a punta non pasa normalmente do xarrete.
- 5.º Porte en movemento: é outra das súas tipicidades; move-lo rabo cara ós lados, semienroscándoo.
- 6.º Corte do rabo: en Fuerteventura é normal que ós poucos días de nacido se lle corten as últimas vértebras, quitándolle a «rabuja».

Cortado non debe pasa-lo xarrete. Como medida mínima do corte, este non debe supera-lo tercio do tamaño completo do rabo entre o seu nacemento e o xarrete.

V. *Extremidades anteriores*

- a) Aparencia xeral: verticalidades firmes, rectas, lixeiramente máis curtas có corpo, polo que aparece este un pouco rectangular.
- b) Ombros: largos, ben musculados; ángulo escapulo-umeral aberto. Costas, máis longas ca largas, fortemente musculadas.
- c) Brazo: forte e recto.
- d) Cóbado: pegados ó corpo.
- e) Antebrazo: recto e musculado.
- f) Pé dianteiro: pés de gato, recollidos e rectos. Dedos máis ben xuntos, recollidos. Uñas negras, que poden ser brancas en exemplares calzados desta cor.

Esencial a presenza mínima da chamada en Canarias «uña de aire», dedo atrofiado sobre o pé, e que ás veces polo seu tamaño ou colocación o arrastra facéndoo usar como un quinto dedo e que presenta en forma de anel sinxelo, dobre, aberto ou pechado, o seu choque fainas soar cando están moi desenvolvidas e tamén como un esporón.

VI. *Extremidades posteriores*

Aparencia xeral: rectas, ben asentadas, con ángulos abertos. O ángulo do xarrete é duns 140°. Lixeiramente máis altas cás anteriores. Xarrete non moi baixo.

O resto das características do pé son similares ás anteriores e iguais esixencias en relación coas «uñas de aire», sexan dobres ou simples.

VII. *Movemento*

Trote elegante e recto, sen oscilacións nin marcha laterais, téndese ou estírase nas curtas pero decisivas e rápidas arrincadas de persecución, sempre cun gran poder de adaptación ó irregular chan, mercé ó seu amortecido pisar e á sustentación dos seus fortes aínda que non moi abertos dedos.

O seu andar é suave, distendido.

O seu trote, rápido e elástico, disparado ó arrinque ou salto. Disposto para o salto, vital nunha illa chá pero cruzada de profusión de paredes.

VIII. *Pel*

Grosa, sen engurras, ben pigmentada.

IX. *Pelo*

Non longo nin moi curto, forte, pero suave e de fácil brillo ó tacto. Franxas de pelos algo máis longas, tipo pelame, preséntanse na zona baixa do rabo e parte posterior da coxa. Distribución parella no resto do corpo, sen barbas, crinas nin maior longura no pescozo.

X. *Cor*

Sempre abardinada ou «lagarteadada», pola súa forma ou trazado parecen franxas atigradas que poden marcarse ben ou notarse suavemente sobre capas que van do verdoso ó beixe, con tonalidades gris claro e escuro, melada ou amendoada, amarelenta e aínda moi escura ou negra, pero sendo imprescindible que se lle poidan distinguir-las franxas en dirección vertical a partir do lombo, citadas.

A máscara, tamén escura ou negra. Con este tipo de capa básica pódense presentar manchas ou zonas brancas: no pescozo, colo branco; no peito, como mancha parella ou estrelada, cervato ou acolarados; na parte inferior do pé ou pés, calzado; na punta do rabo sen cortar; cando son vellos branqueanlle-los lados do fociño como tamén pode presentarse unha liña ás veces triangular desde trala trufa pasando polo nariz e entre os ollos, podendo excedelos e chegar á cabeza. Así mesmo, no ventre.

Cores non admitidas: negro parello, sen ningún tipo de franxas; as manchas brancas nos costados e lombo.

XI. *Tamaño e peso*

- a) Altura á cruz:
Nos machos: 56 cm.
Nas femias: 54 cm.
- b) Alzada:
Machos: 57/63 cm.
Femias: 55/61 cm.

XII. *Peso*

- Machos: 30 a 45 kg.
Femias: 25 a 35 kg.

Depende da rusticidade ou lixeireza que teña o exemplar, sexa por trato ou pola súa dedicación ó pastoreo ou a unha máis estable de garda.

XIII. *Faltas*

En principio considéranse faltas as que se apartan ou contraveñen as normas apuntadas. A súa valoración vai parella co grao de desviación do estándar.

a) Graves:

Oreallas, largas na base, triangulares.

Papada no pescozo.

Lombo non parello, enselado e corpo moi alongado.

Fronte e cranio planos.

Rabo cortado, se-lo seu tamaño menor de dous tercios da súa longa inserción-xarrete.

Membros non ben asentados.

Talle que pase dos 2 cm en máis ou menos.

b) Descualificantes:

Prognatismo inferior ou superior.

Falta dun premolar que non sexa o P1.

Rabo, pasar do xarrete e enroscado sobre o lombo.

Capa: branco non admitido e falta das franxas.

Cor negra compacta, parella.

Cara e fociño alongados, estreitos.

Oreallas erectas ou enveladas.

Falta de pigmentación no nariz.

Exemplares monórquidos ou criptórquidos.

Carácter: timidez; recollerse; retroceder ou fuxir ó excitalo; non quedar firme e á expectativa ante situación incitadora, presenza descoñecida, etc. Fuxir, esconderse ou afastarse nestes casos e máis se logo se lanzan a atacar.

Euskal Artzain Txakurra (Can de Pastor Vasco)

Variedade: «Gorbeiakoa ou do Gorbea».

I. Aparencia xeral

Eumétrico e lonxilíneo. Tronco de amplos desenvolvementos e aparencia alongada, capa vermello lume, coñecida como «rojillo», con frecuentes escurecementos no fociño.

a) Proporcións importantes: a relación entre alzada e lonxitude é próxima ó 1/1,1 en ámbolos sexos. En femias a relación cranio/cara é de 1/1,3 e en machos de 1/1,6.

b) Temperamento e comportamento: típica disposición ó pastoreo, seguros de si mesmos, sociables e de temperamento equilibrado.

c) Utilización: pastoreo.

II. Cabeza

De perfil cranial subconvexo con bóveda uniforme en todo o frontal. Livián con respecto ó tronco. De forma piramidal e liñas cranio-faciais coincidentes. Escaso dimorfismo sexual. Provista de pelo moi curto. Frecuente presenza de tres lunares, un xunto a cada unha das comisuras labiais e o outro na parte ventral e central da mandíbula. En bastantes ocasións hai dous lunares máis situados na cara na parte superior ou posterior ós outros dous. Os lunares teñen pelos negros de maior lonxitude có resto dos da cabeza. Frecuencia dun «rabo do ollo» de cor escura que discorre desde o ángulo externo do ollo ata a base da orella.

a) Cranio: longo e largo. Protuberancia occipital marcada. Arcos superciliares suavemente marcados e cuncas pouco apreciáveis.

b) Cara: perfil superior recto. Frecuentemente unha lixeira elevación preto da trufa.

c) Nariz: recto con trufa de cor negra.

d) Fociño: alongado e fino, con frecuentes pigmentacións.

e) «Stop»: suave.

f) Beizos: cobren ben o maxilar inferior, sen flaccidez.

g) Mandíbula-dentes: forte, completa, ortognato.

h) Ollos: medianos e amendoados, de cor castaña e ámbar

i) Oreallas: medianas, caídas, aínda que nalgúns exemplares se toleran semidobradas. De implantación posterior e na mesma liña do «rabo do ollo».

III. Pescozo

Medianamente longo e de forma troncocónica. Forte, non moi longo.

IV. Corpo

Costelares moderadamente arqueados e profundos.

a) Cruz: longa e escasamente pronunciada, que se prolonga por un dorso recto, longo e de amplos desenvolvementos.

b) Costas: fortes, oblicuas e de bordos marcados.

c) Lombo: recto, mediano e firme, incluso en movemento.

d) Cruz dos cadrís: forte, longa e larga. Moi musculada. A angulación oscila entre 15 e 30°.

e) Peito: de amplitude media. Profundo, alto ata o cóbado.

f) Abdome: aprecieblemente recollido.

V. Rabo

Inserción media con pelo longo e excedendo o xarrete.

VI. Extremidades anteriores

a) Aparencia xeral: fortes, secas e ben asentadas.

b) Ombros: marcados e de forte desenvolvemento.

c) Brazos: longos, fortes e cunha inclinación de 45°, de lonxitude similar ó antebrazo.

d) Cóbdados: paralelos e ben pegados ó corpo. Coincidentes ou por riba da liña do esterno.

e) Antebrazos: de gran desenvolvemento óseo.

f) Carpos: de bo desenvolvemento e fortaleza.

g) Metacarpos: ben proporcionados.

h) Pés dianteiros: ovalados, fortes, con sámagos duros e resistentes.

VII. Extremidades posteriores

a) Aparencia xeral: fortes, perfectamente paralelas desde unha visión posterior e de marcadas angulacións.

b) Coxas: longas, fortes, de musculatura bastante seca, potente e unha angulación de 45°.

c) Xeonllos: moi desenvolvidos, potentes, marcados, e angulacións duns 120°.

d) Pernas: fortes, de musculatura seca e con tendóns moi marcados.

e) Xarretes: paralelos e fortes.

f) Metatarsos: potentes, verticais ó chan e medianamente longos.

g) Pés traseiros: fortes e ovalados. Cun ou dous esporóns en cada extremidade posterior ou sen eles.

VIII. Movemento

A marcha típica é o trote.

IX. Pel

Máis ben grosa, sen ningunha flaccidez. Apertada ó corpo e cabeza.

X. Pelo

Moderadamente longo, de textura suave. Pelo liso e curto. Na cara, o pelo é liso e moi curto, así como na parte anterior de extremidades, con flocos na súa parte posterior.

XI. Cor

Vermello lume en distintas tonalidades «rojillo» e rubio ou leonado.

XII. Tamaño e peso

Altura á cruz (cm):

En machos: 47 a 61 cm.

En femias: 46 a 59 cm.

Peso (kg):

En machos: 18 a 36 kg.

En femias: 17 a 29 kg.

XIII. Faltas

Comúns ás dúas variedades. As que supoñan unha desviación clara do tipo ou as que impliquen problemas hereditarios que prexudiquen a saúde ou a función da raza.

A gravidade das faltas considerarase en proporción ó grao da desviación do estándar. Os machos deben presentar dous testículos en perfecto desenvolvemento dentro do escroto.

Defectos descualificantes:

Defectos da dentición: prognatismo, ausencia de máis de dous premolares, perda de incisivos ou cabeiros.

Defectos das orellas: orellas amputadas.

Ausencia de «stop».

Defectos dos ollos: animais cegos, tortos ou faltos de visión, iris de cor azul ou verde.

Rabo: curto de nacemento, amputado, excesivamente longo.

Pelo: ausencia de pelo nalgunha rexión onde é característico.

Cor: capas de cor branca, negra ou gris e manchas brancas ou escuras.

Podengo Andaluz

I. Descrición

O Podengo Andaluz é unha raza que presenta tres talles diferentes e dentro destes existen tres variedades de pelo distintas. Os talles son:

Podengo Andaluz talle grande.

Podengo Andaluz talle mediano.

Podengo Andaluz talle pequeno.

En canto ó pelo, este pode ser de tres tipos:

Tipo áspero (duro e longo).

Tipo sedoso (sedoso e longo).

Tipo liso (curto e fino).

II. Función da raza

O Podengo Andaluz é un animal que, polo seu olfacto e o seu desenvolvido instinto cazador, é capaz de afrontar con total éxito desde a busca do coello nas silvas ata o duro agarre do xabaril, pasando polo cobro de patos na auga. Se a esta capacidade lle engadímola axilidade e resistencia extraordinaria que o caracterizan, atopámonos ante un animal excepcionalmente dotado para a caza.

III. Aparencia xeral

É un can harmónico, compacto, moi rústico e ben asentado.

a) Temperamento e comportamento: de gran intelixencia, nobreza, sociabilidade e sempre alerta. De xustas reaccións ós estímulos que denotan un carácter vivo e equilibrado. Moi cariñoso, submiso e leal co dono, pero rompe este vínculo ante o castigo inxusto. Todo isto confírelle unha gran capacidade para o adestramento.

É un can nacido para cazar, cun excelente olfacto e moi resistente á fatiga, non se amedrenta ante nada, metódico e rápido na busca, cun latir alegre trala peza, tanto na caza maior como na menor, sendo un excelente cobrador de pelo e pluma, xa sexa en auga ou terreo accidentado.

b) Tamaño e peso:

Altura á cruz:

Talle grande:

Machos: 54-64 cm.

Femias: 53-61 cm.

Talle mediano:

Machos: 43-53 cm.

Femias: 42-52 cm.

Talle pequeno:

Machos: 35-42 cm.

Femias: 32-41 cm.

Peso:

Talle grande: 27 kg + - 6 kg.

Talle mediano: 16 kg + - 6 kg.

Talle pequeno: 8 kg + - 3 kg.

IV. Cabeza

O can Podengo Andaluz é de cabeza mediana, ben proporcionada e forte. De forma tronco-piramidal, sen presentar forte depresión entre cranio e cara, cunha terminación que non é aguzada, senón máis ben cadrada e fociño terminado nunha lixeira subconvexidade.

a) Cranio. Forma do cranio: subconvexo. Dirección dos eixes lonxitudinais superiores do cranio e do fociño: de perfil, coincidentes anteriormente, formando un ángulo de 18°. Contorno superior: levemente subconvexo. Largo do cranio: inferior á súa lonxitude con moi pouca diferenza. Forma dous arcos superciliares: pouco pronunciados. Protuberancia da crista occipital: suavemente marcada. «Stop» (grao da depresión naso-frontal): suave e pouco pronunciado.

b) Trufa: de forma redondeada, de tamaño medio, fosas nasais ben abertas e cor mel.

c) Fociño: máis curto cá metade da medida total da cabeza. A profundidade e a largura son similares. Perfil naso-frontal: recto, con suave inclinación no seu extremo distal. Perfil e forma da mandíbula inferior: recta.

d) Beizos: firmes, finos, ben axustados e de cor mel.

e) Mandíbula e dentes. Forma da mandíbula: a mandíbula está ben desenvolvida e acompaña progresivamente a fortes maxilares para dar un conxunto robusto e potente. Número e características dos dentes: 42 pezas e ben desenvolvidas. Posición dos incisivos: en perfecta oposición. Tipo de trabada: en tesoiras ou pinzas (preferentemente en tesoiras).

f) Meixelas. Forma e aparencia: redondeadas e moi musculadas.

g) Ollos: de tamaño pequeno e forma redondeada, vistos de fronte. A súa colocación a similar distancia

da caluga e da trufa, de mirada frontal vivaz e intelixente. Iris de cor variable entre os distintos tons mel ou abelá. A dirección da apertura das pálpebras vai á base das orellas. A pigmentación dos bordos das pálpebras en concordancia coa cor da trufa ou pelaxe.

h) Orelas: a colocación da orella é case recta, de mediano tamaño, de forma cilíndrica, con ampla inserción na cabeza e o tronco, tendendo a formar un ángulo de 45° co diámetro lonxitudinal do corpo. De gran musculatura e pel axustada que nunca forma papada.

V. Corpo

A liña superior ou liña dorsal ten tendencia á horizontalidade.

a) Cruz. Características: cruz pouco prominente e de ampla inserción no pescozo.

b) Dorso: a liña superior é recta, a musculatura ben desenvolvida. Proporción da lonxitude do dorso e ril: Relación dorso/riles: 2/1.

c) Lombo. Lonxitude: curta. Largura: de gran largura. Musculatura: moi desenvolvida.

d) Cruz dos cadrís. Contorno: lixeiramente redondeada. Dirección: lixeiramente inclinada. Lonxitude: longa. Largura: de similares dimensións á lonxitude.

e) Peito. Lonxitude: o peito de lonxitude e largura similar ó diámetro bicostal. Profundidade da caixa torácica: é bastante profunda. Forma das costelas: de costelares robustos e lixeiramente arqueados. Antepeito: largo, profundo e fortemente musculado.

f) Abdome. Contorno inferior: recollido. Forma de abdome: o ventre é redondeado e musculoso. Forma dos pregamentos do ventre: non ten pregamentos no ventre.

VI. Rabo

Rabo. Inserción: de implantación baixa. Forma: arqueado. Lonxitude: non debe pasar en lonxitude ó xarrete. Espesura: de grosor mediano. Porte en repouso: en forma de sable cara ós xarretes. Porte en movemento: en forma de media lúa cara a arriba, máis ou menos pechado. Descrición do rabo: forte, recuberto de abundante pelo, que nunca forma bandeira, durante a caza móveo alegremente; nunca se corta. Cara ó seu final adoitan ter algunha mancha branca os exemplares de cor canela.

VII. Extremidades anteriores

a) Aparencia xeral. Patas dianteiras vistas de fronte: de grosor medio, verticalidades correctas e desenvolvemento muscular acusado. Patas dianteiras vistas de lado: brazos de proporcións medias presentando forte musculatura e articulados harmonicamente coa escápula, sen aparecer marcado o encontro; cóbados amplos, destacados e paralelos ó plano medio do corpo. Proporción en relación ó corpo: ben proporcionado.

b) Ombros. Lonxitude: de proporcións medias. Inclinación: escasamente oblicua. Musculatura: forte. Inclinación do ángulo da articulación escápulo-umeral: escasamente oblicuo.

c) Brazo. Lonxitude: de lonxitude media e desenvolvemento muscular acusado. Características e forma do óso: fortes.

d) Cóbado. Posición e ángulo do cóbado: cóbados amplos, destacados, e paralelos ó plano medio do corpo, de ángulos abertos.

e) Antebrazo: a lonxitude do antebrazo é proporcionada ó resto da extremidade e de forte musculatura. Características e forma do óso: fortes.

f) Carpos. Largo: de similar grosor có antebrazo.

g) Metacarpo. Lonxitude: de mediana lonxitude e ben proporcionado. Largura: de similar grosor ó carpo. Posición ou inclinación: case vertical.

h) Pé dianteiro. Forma e curvatura dos dedos: pé de forma redondeada, nin de gato nin de lebre. A curvatura dos dedos pouco pronunciada. Case rectos e fortes. As uñas son de cor branca ou castaña, largas e fortes. As almofadas son duras e resistentes de cor clara ou castaña.

VIII. Extremidades posteriores

a) Aparencia xeral: ben asentadas, moi fortes e de gran desenvolvemento muscular. Patas traseiras vistas por detrás: fortes e perfectamente asentadas. Proporción en relación ó corpo: longas.

b) Coxas. Lonxitude: longas, largas, con musculatura desenvolvida e descenden escasamente oblicuos. O ángulo da articulación coxo-femoral: de 110° aproximadamente.

c) Xeonllos: posición media-alta. Ángulo de conxuntura fémoro-tibial: aproximadamente de 110°.

d) Perna: é forte, cun tendón calcáreo groso que rapidamente se separa da tibia para agrupar un paquete muscular moi desenvolvido. Lonxitude: curta en relación coa coxa. Posición: bastante vertical. Forma e características do óso: forte.

e) Xarrete: está ben en cóbado, de grosos tendóns e apertados. É curto e lonxe de terra. Ben proporcionado co resto dos demais diámetros óseos. Grosor: de similar grosor ó metatarso vistos por detrás. Ángulo da articulación tibio-tarsiana: de 150 a 160°.

f) Metatarso. Lonxitude: moi longo. Largura: en vista posterior máis groso cá perna. Posición: vertical.

g) Pé traseiro: os pés son practicamente iguais cás mans ou algo máis abertos e alongados. Forma: mediano, nin de gato nin de lebre. Curvatura dos dedos: similar ós dianteiros, fortes, con escasa curvatura. Os sámagos (almofadas) son duros e resistentes de cor branca ou castaña. As uñas son largas e duras, de cor branca ou castaña.

IX. Movemento

O movemento preferido nos concursos e exposicións é o trote. Na caza é o trote rápido intercalado con galope.

X. Pel

É de mediano grosor, forte, ben axustada e de grande resistencia, non existindo nin pregamentos nin engurras en ningunha rexión corporal. Pigmentación: a pel é de coloración clara ou en harmonía coa cor do pelo.

XI. Pelo

Lonxitude:

Pelo liso ou curto: 2 cm con +- 1 cm.

Pelo duro ou cerdeño: 5 cm con +- 1 cm.

Pelo longo ou sedeño: 8 cm con +- 2 cm.

Textura:

O pelo liso ou curto ó tacto é duro e asentado.

O pelo duro ou áspero ó tacto é recio.

O pelo longo ou sedoso ó tacto é sedoso.

Tanto no tipo áspero coma no sedoso o can está revestido por abundante pelo por tódalas rexións corporais, presentándose algo máis curto nas extremidades e na cabeza. Destacándose a ausencia de subpelo.

XII. Cor

A capa é branca ou canela, ou ben integrada por ámbalas cores. A cor branca existe nas súas variantes prateada, mate e marfil; e a canela pode variar desde o claro á canela acendido. Cores admitidas: a canela e a branca. Cores non admitidas: o resto das cores.

XIII. Defectos

Calquera desviación dos criterios antes mencionados considérase unha falta e a gravidade desta en función ó grao da desviación do patrón racial. A seguir expóñense tódolos defectos nas seguintes táboas:

a) Defectos descualificantes xerais:

Monorquidia.
Criptorquidia.
Albinismo.
Prognatismo.
Enognatismo.

b) Defectos descualificantes específicos da raza:

Morfoestructura e faneróptica:

Cabeza:

A) Na dentición:

Ausencia de máis de dous premolares.
Ausencia dalgún incisivo ou cabeiro.

B) Nas orellas:

Orellas non completamente erectas.
Orellas amputadas.

C) Ausencia de «stop».

D) Nos ollos:

Iris de cor azul ou verde.

E) Na forma da cabeza:

Cabeza estreita.
Cabeza larga.

Extremidades:

Presencia de garras ou esporóns. Graves defectos de verticalidades.

Rabo:

Rabo amputado.
Rabo longo.

Pigmentación:

Presencia de negro ou outra cor que non sexa branca ou canela en calquera das súas tonalidades.

Funcionalidade.

ós riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o artigo 6 desta lei, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixa-las medidas mínimas que se deben adoptar para a adecuada protección dos traballadores. Entre elas encóntranse as destinadas a garantir a protección dos traballadores fronte ó risco eléctrico.

Así mesmo, a seguranza e a saúde dos traballadores teñen sido obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, por tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguranza e saúde dos traballadores e ambiente de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985. No mesmo senso, no ámbito da Unión Europea fixéronse, mediante as correspondentes directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguranza e saúde no traballo, ben como criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco.

O obxectivo desta norma é o de actualizala normativa aplicable ós traballos con risco eléctrico, á vez que se procede a derroga-lo capítulo VI da Ordenanza xeral de seguranza e hixiene no traballo, aprobada mediante orde do 9 de marzo de 1971, substituíndoo por unha regulación acorde co novo marco legal de prevención de riscos laborais, coherente coa normativa europea a que se fixo referencia e acorde coa realidade actual das relacións laborais.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto, ámbito de aplicación e definicións.*

1. O presente real decreto establece, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as disposicións mínimas de seguranza para a protección dos traballadores fronte ó risco eléctrico nos lugares de traballo.

2. Este real decreto aplícase ás instalacións eléctricas dos lugares de traballo e ás técnicas e procedementos para traballar nelas ou nas súas proximidades.

3. As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente ó conxunto do ámbito contemplado nos números anteriores, sen prexuízo das disposicións específicas contidas neste real decreto.

4. Para efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no anexo I.

Artigo 2. *Obrigas do empresario.*

1. O empresario deberá adopta-las medidas necesarias para que da utilización ou presenza da enerxía eléctrica nos lugares de traballo non se deriven riscos para a saúde e seguranza dos traballadores ou, se isto non for posible, para que tales riscos se reduzan ó míni-

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11881 REAL DECRETO 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguranza dos traballadores fronte ó risco eléctrico. («BOE» 148, do 21-6-2001.)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte